



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de febreiro de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte e cinco minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(124).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión da sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(125).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN “LA CAIXA“ PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “CAIXAPROINFANCIA”. EXPTE. 195964/301.

Visto o informe xurídico de data 18/02/2020 e o informe de fiscalización do 21/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/02/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e a concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. O D.99/2012, do 16 de marzo, da *Consellería de Traballo e Benestar*, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece o servizo de

educación e apoio familiar, que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

I.2. O Concello de Vigo, ademais do seu «Programa socioeducativo e de apoio familiar», desenvolve actividades destinadas a traballar con nenos/as e familias vulnerables ou en risco de vulnerabilidade pola súa situación socioeconómica.

I.3. O convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social, o Concello de Vigo e a Fundación “LA CAIXA” para o desenvolvemento do Programa CAIXAPROINFANCIA pode reforzar estas actividades que se están a desenvolver. En efecto, mediante este Programa a Obra Social “la Caixa” quere promover a creación de alianzas e colaboracións con terceiros a favor da infancia; motivo polo que se desenvolve mediante a colaboración con entidades sen ánimo de lucro e trata de favorecer a creación dun ámbito estable de cooperación entre todos os axentes sociais, públicos e privados, que inciden nos/as neno/as, adolescentes e as súas familias.

I.4. En concreto, neste convenio establécese a cooperación coa Xunta de Galicia e cos concellos para o logro dos obxectivos que a seguir se enumeran:

- Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e da súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.
- Promover o desenvolvemento social e educativo dos e das menores no seu contexto familiar, escolar e social.
- Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e das súas familias.

A realización de tales obxectivos require dunha formulación global e sistémica que considere a multifactorialidade que caracteriza as situacións de pobreza, para o que resulta esencial constituír esta fórmula de cooperación e coordinación.

I.5. Para os efectos indicados na Cláusula segunda do Convenio, propónse a designación da traballadora municipal do Servizo de Benestar Social e coordinadora do «Programa socioeducativo e de apoio familiar», D^a María Sierra Abraín, como técnica interlocutora do Concello de Vigo en relación con este convenio,

I.6. Faise constar expresamente que **o Convenio de colaboración proposto no supón gasto ningún para o Concello de Vigo** (Cláusula quinta, *in fine*), polo que é innecesario que antes de adoptarse o acordo que proceda polo órgano competente se recabe informe de fiscalización previa da Intervención xeral municipal, como sí resulta obrigado cando se propón subscribir convenios dos que se deriven obrigas económicas (Base nº 40.3).

II. PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

En consecuencia, visto o que antecede, o informe técnico/Memoria xustificativa do Xefe de Área de Benestar Social, a orde de inicio de expediente da Concelleira delegada de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Fundación "LA CAIXA" para o desenvolvemento do programa CAIXAPROINFANCIA. Este Convenio non supón gasto ningún para o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Designar á traballadora municipal adscrita ó Servizo de Benestar Social, D^a María Sierra Abraín, como técnica interlocutora do Concello de Vigo en relación con este convenio

TERCEIRO.- Publicar o convenio na Sede electrónica do Concello de Vigo (<http://sede.vigo.org>)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN "LA CAIXA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CAIXAPROINFANCIA

Santiago de Compostela, a 25 de febreiro de 2020

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a. Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social en virtude do Decreto 98/2018, do 26 de setembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, D^a. Yolanda Aguiar Castro, Concelleira de Políticas de Benestar Social do Concello de Vigo, en uso das atribucións legalmente conferidas e consonte ás Resolucións da Alcaldía-Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de área e nos demais preceptos de pertinente aplicación.

S.ord. 27/02/2020

E doutra parte, D. Marc Simón Martínez, con NIF 46.329.478A, en nome e representación da FUNDACIÓN BANCARIA CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA “LA CAIXA” – en diante, Fundación Bancaria “la Caixa”–, con CIF G58899998, e domicilio en Praza Weiler, 3, 07001 Palma de Mallorca, actuando na súa calidade de Subdirector Xeral da mesma, en virtude de poder outorgado en data 27 de xullo de 2017, ante o Notario do Il·lustre Col·legi de Notaris de Catalunya, e por oposición, Notario de Barcelona, D. Tomás Giménez Duart, protocolo número 2.222. Todas as partes, na calidade con que interveñen neste acto, recoñécense recíprocamente capacidade para obrigarse e formalizar o presente convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

- Que consonte o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica, do 6 de abril de 1981, os artigos 58, 59, 60 e 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ditada en desenvolvemento do antedito artigo do estatuto, que regula o Sistema Galego de Servizos Sociais, os artigos 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 80.2.k) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia e as corporacións locais galegas comparten competencias en materia de servizos sociais.
 - Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axustarán a súa actuación ao principio de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar con carácter conxuntural para o eficaz cumprimento das súas tarefas, determinando o artigo 195 as formas que poderá adoptar a dita cooperación.
 - Que con data do 11 de xaneiro de 2019 a Xunta de Galicia e a Fundación Bancaria “la Caixa” asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento na Comunidade autónoma de Galicia do Programa CaixaProinfancia cuxa finalidade principal é a de facilitar á infancia afectada por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.
 - Que mediante CaixaProinfancia, a Obra Social “la Caixa” quere promover a creación de alianzas e colaboracións con terceiros a favor da infancia, motivo polo que este programa se desenvolve mediante a colaboración con entidades sen ánimo de lucro e trata de favorecer a creación dun ámbito estable de cooperación entre todos os axentes sociais, públicos e privados, que inciden no neno, nena, adolescente e as súas familias. En concreto, neste convenio establécese a cooperación coa Xunta de Galicia e cos Concellos para o logro dos obxectivos que se describen a continuación:
- Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e da súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.
 - Promover o desenvolvemento social e educativo dos e das menores no seu contexto familiar, escolar e social.
 - Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e das súas familias.



Concello de Vigo

A realización de tales obxectivos require dunha formulación global e sistémica que considere a multifactorialidade que caracteriza as situacións de pobreza, para o que resulta esencial constituír esta fórmula de cooperación e coordinación.

•Que o concello de Vigo, dado que comparte os obxectivos do programa e este se basea no traballo coordinado dos diferentes axentes sociais dun mesmo territorio ou barrio, desexa colaborar no desenvolvemento, subscribindo os obxectivos comúns de protexer a infancia, promover o seu benestar e evitar a transmisión da pobreza entre xeracións, na consideración de que os nenos e as nenas que crecen na pobreza ou exclusión social teñen menos posibilidades de ter un bo rendemento escolar, e que poidan gozar de boa saúde e aproveitar todo o seu potencial en fases posteriores da súa vida.

Por todo o exposto, as partes, na representación que cada unha delas ostenta, acordan subscribir este Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o concello de Vigo e a Fundación Bancaria “la Caixa”, a fin de coordinar os esforzos dirixidos a optimizar a aplicación do Programa CaixaProinfancia nunha área xeográfica determinada dentro do ámbito urbano da cidade de Vigo. Este programa está destinado a facilitar tanto a mellora da situación dos nenos e nenas e das súas familias, como a que desenvolvan as competencias e o compromiso necesario que lles permita asumir con autonomía o devandito proceso de mellora. A colaboración prevista neste Convenio centrarase en establecer e desenvolver un procedemento de actuación que permita identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolto con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.

Desta forma búscase crear un marco común de traballo destinado a fixar procedementos concretos de actuación, así como metodoloxías conxuntas que se traduzan na promoción da transformación social e na mellora efectiva da situación dos e das menores e as súas familias afectados por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social para o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.

Con este Convenio preténdese, en definitiva, establecer un marco de colaboración destinado a potenciar e garantir as iniciativas contidas no Programa CaixaProinfancia e a asegurar a máxima eficacia e eficiencia dos seus resultados.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Consellería de Política Social, o Concello de Vigo, e a Fundación Bancaria “la Caixa” comprométese a:

- Identificar e analizar conxuntamente a distribución territorial das situacións de vulnerabilidade social e de risco de exclusión que afectan a un número considerable de

S.ord. 27/02/2020

menores e familias do municipio de Pontevedra e que requiren, mais alá da atención a necesidades puntuais, dunha formulación global de actuación que incida de forma integral na transformación e mellora da realidade da infancia e das familias.

- Definir unha proposta de servizos conxunta que permita responder as necesidades dos e das menores e das súas familias e optimizar os recursos económicos públicos e privados que se dotan para estes efectos.
- Impulsar o “traballo en rede”, como mellor resposta organizativa para o desenvolvemento da acción social, aproveitando os recursos públicos e privados existentes no territorio e os proxectos de actuación de carácter innovador que poidan ser achegados por entidades colaboradoras especializadas nos servizos e recursos contemplados no Programa.
- Impulsar o establecemento, dinamización e mantemento de continuas canles de comunicación e de transmisión de información.
- Establecer con carácter prioritario estratexias e metodoloxías comúns que aseguren a implantación de fórmulas de prevención do risco a través de actividades adaptadas ás diversas realidades das e dos menores.

Respecto dos compromisos concretos de cada parte, a Consellería de Política Social comprométese a:

- Apoiar o Proxecto CaixaProinfancia a nivel institucional, mediante a súa divulgación e a información ás familias e menores, así como colaborar na súa implementación no municipio de Vigo, mediante todas aquelas accións que permitan identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolvido con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.
- Apoiar ás entidades non lucrativas colaboradoras na execución do Programa, que serán seleccionadas pola entidade responsable do devandito Programa CaixaProinfancia, mediante todas aquelas accións, como son as de carácter informativo, que teñan como obxectivo desenvolver unha estratexia coordinada a nivel autonómico.
- Designar como interlocutor da Consellería a un responsable técnico de cada provincia, para a execución do Proxecto CaixaProinfancia.

Pola súa parte, o Concello de Vigo comprométese a:

- Apoiar o Proxecto CaixaProinfancia a nivel institucional, así como colaborar na súa implementación no seu municipio impulsando que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolvido coas familias, ao abeiro do programa CaixaProinfancia, coa finalidade de que estas sexan atendidas de forma integral.
- Apoiar ás entidades non lucrativas colaboradoras na execución do Programa, que serán seleccionadas pola entidade responsable do devandito Programa CaixaProinfancia, no municipio de Vigo no que se refire ao establecemento de contactos e redes e a coordinación co persoal público referente, a nivel local, no ámbito social nos tres ámbitos prioritarios desde os que se desenvolve a acción social, educativa e sanitaria.
- Designar como interlocutor do Concello a un responsable técnico, con competencias en materia de servizos sociais.



Concello de Vigo

Por último, a Fundación Bancaria “la Caixa” comprométese a:

- Seleccionar, financiar, dinamizar e coordinar ás entidades non lucrativas colaboradoras que participan no Proxecto CaixaProinfancia mediante o establecemento de mecanismos de relación que inclúen a creación dun marco común de traballo para marcar uns procedementos concretos que guían a actuación e que faciliten o traspaso de información co obxectivo de establecer formas propias dun traballo en rede e sistémico.
- Manter informados ao Concello de Vigo e a Xunta de Galicia e facilitarlles o acceso á información que precisen sobre a evolución do Proxecto CaixaProinfancia.

TERCEIRA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Co fin de dar cumprimento aos contidos do convenio, tras a súa sinatura, constituirase unha Comisión de Seguimento con representación de todas as partes en réxime de paridade.

O réxime xurídico da Comisión adecuarase ao previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Esta comisión responsabilizarase da coordinación, seguimento e avaliación das accións realizadas no marco deste convenio. Calquera dúbida ou controversia que xurda acerca da interpretación do convenio deberá resolverse pola Comisión.

A Comisión de Seguimento quedará integrada polo Director Xeral de Inclusión Social ou persoa en quen delegue, o alcalde do concello de Vigo ou persoa en quen delegue, o director corporativo da área Social da Fundación Bancaria “la Caixa” ou persoa en quen delegue e unha persoa máis en representación de cada institución.

Esta Comisión reunirase, durante a vixencia do convenio, por proposta de calquera das partes.

CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes garantirán a total confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do presente convenio, e así mesmo obríganse ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais solicitados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio e a actualización da información e contidos do Cartafol cidadán. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público, conforme á normativa que rexe o instrumento convencional e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito convenio.

S.ord. 27/02/2020

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos>.

QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas, e no non previsto aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexeráse tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio non implica obrigación económica para a Facenda da Comunidade Autónoma nin para a Administración local respectiva.

SEXTA.- PUBLICIDADE

Este convenio está suxeito ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e á súa publicación.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, este convenio será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

1. Serán causas de resolución deste convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia.



Concello de Vigo

- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por algunha das partes. Neste caso, a outra parte poderá requirir á parte incumpridora para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran non atendidos. Este requirimento será comunicado tamén á comisión de seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a existencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, sen que isto xere dereito a indemnización.
- d) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

OITAVA.- VIXENCIA

Este convenio estará en vigor durante un período de tres anos a contar desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, extendéndose os seus efectos desde o 1 de xaneiro de 2019.

Non obstante o anterior, as partes poderán establecer de mutuo acordo a súa prórroga.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data ao indicados no encabezamento.

3(126).- PROPOSTA ESTIMATORIA DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS EN RELACIÓN CO «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2019». EXPTE. 180188/301.

Visto o informe de fiscalización de data 19/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 11/02/2020, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e a concelleira de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14.02.2019, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2019», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. Nº 180188/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

S.ord. 27/02/2020

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2019 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 42 do 28 de febreiro de 2019. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 67, do 05.04.201, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.469 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 09.09.2019).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 19.09.2019 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.612 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 190.050.206 e remata co nº 190.069.499), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2019». O gasto total (1.619.901,03 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 857 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 190.050.207 e remata co nº 190.100.852) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra este Acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición. De todos eles, propónse á XGL estimar un total de 19, por cumprir os requisitos das bases da convocatoria. A estimación destes recursos representaría un gasto de 12.619 € que podería financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.02 dos Orzamentos de 2020.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

-Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2019 (Concello de Vigo; XGL do 14.02.2019 ; BOP nº 42, do 28.02.2019 e BOP nº 67, do 05.04.201).

-Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución dos recursos a cualificación concreta que as persoas recorrentes lle asignen ós escritos de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 19.09.2019, desestimatorio das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2019».

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinados os respectivos recursos e revisadas e valoradas de novo as súas solicitudes de acordo coas Bases aprobadas, debe recoñecérselle ós solicitantes que a seguir se relacionan o dereito a percibir, ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2019», unha axuda polo importe indicado para cada un de eles.

Figura nos respectivos expedientes, dentro da aplicación informática de AEFAS 2020, un resume dos feitos e circunstancias que xustifican a estimación dos recursos en cuestión.



Concello de Vigo

AEFAS 2019
RECURSOS ESTIMADOS

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 126,19€)
1	036030035	183620/301 190158686	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar tendo en conta os ingresos declarados e acreditados por J.A.B.F. A partir da certificación do SEPE (331,66€).	8	1.009,52 €
2	036069661	184642/301 190164300	Recálculo da renda efectiva da persoa solicitante tendo en conta os seus ingresos reais no mes de marzo/2019 (430€).	4	504,76 €
3	X6373678	182691/301 190153882	Achegou toda a documentación necesaria para resolver a solicitude de axuda. Recalcúlase a renda efectiva da unidade familiar con imputación de RISGA de 3 membros (Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	8	1.009,52 €
4	036082093	184403/301 190148506	Comprobouse o cumprimento do requisito de antigüidade acumulada mínima no PMH (nai: Base sétima, Apdo. 7.1.1º; filla: Base décimo cuarta, Apdo. 14.8).	8	1.009,52 €
5	053177910	183988/301 190150249	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación das pensións de alimentos non percibidas.	4	504,76 €
6	X3281509	183823/301 190150366	Admítese a inclusión do menor C.D.M. como membro computable da unidade familiar.	2	252,38 €

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 126,19€)
7	Y4324066	184010/301 190152074	Comprobouse a presentación da documentación requirida (Anexo II). Recálculase a renda efectiva da unidade familiar con imputación de RISGA para 5 membros computables (Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	6	757,14 €
8	016242800	183500/301 190177283	Recálculo da renda efectiva da persoa solicitante con imputación de RISGA para 1 membro computable.	2	252,38 €
9	053186481	185263/301 190152618	Comprobouse a presentación da documentación requirida. Aplícanse os ingresos declarados na solicitude e a correspondente deducción por vivenda.	6	757,14 €
10	X9549396	183884/301 190152977	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación da pensión de alimentos non percibida.	8	1.009,52 €
11	054507976	184969/301 190154898	Comprobouse o cumprimento do requisito de antigüidade mínima no PMH (Base sétima, Apdo. 7.1.1º). Carecía de ingresos no mes de marzo/2019. Non aplica deducción por vivenda.	14	1.766,66 €
12	036145765	183649/301 190183329	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación da pensión de alimentos non percibida.	4	504,76 €



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 126,19€)
13	036135244	183833/301 190170133	Reconsidérase a imputación inicial de RISGA para 1 membro e aplícanse os ingresos reais da solicitante no mes de marzo/2019.	4	504,76 €
14	X4431041	185269/301 190181090	Comprobouse a presentación da documentación requirida.	6	757,14 €
15	003885468	183345/301 190147871	Reconsidérase a imputación inicial de RISGA para 3 membros e aplícanse os ingresos reais da solicitante no mes de marzo/2019.	2	252,38 €
16	039455102	184050/301 190173600	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar tendo en conta os ingresos reais comprobados en marzo/2019 (572€) e aplicando deducción por vivenda (325€).	4	504,76 €
17	X6022653	184933/301 190149074	Comprobouse a presentación da documentación requirida. Recalcúlase a renda efectiva da unidade familiar a partir dos ingresos recoñecidos en informe oficial XIESS (433,33€). Non aplica deducción por vivenda.	2	252,38 €
18	036114625	184037/301 190151988	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar (237,02€), sen imputación da pensión de alimentos non percibida. Aplica deducción por vivenda (325€).	6	757,14 €
19	036082179	184557/301 190150116	Reconsidérase a aplicación do requisito previsto na Base sétima, Apdo. 7.1.4º, tendo en conta a inidoneidade como vivenda das propiedades da unidade familiar. Acreditouse o pagamento de aluguer.	2	252,38 €
					TOTAL: 12.619 €

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar os recursos potestativos de reposición presentados polos solicitantes que a continuación se relacionan contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.09.2019 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2019», recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en tal concepto polo importe indicado, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 dos Orzamentos de 2020.

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/P AS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 126,19€)
1	036030035	183620/301 190158686	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar tendo en conta os ingresos declarados e acreditados por J.A.B.F. A partir da certificación do SEPE (331,66€).	8	1.009,52 €
2	036069661	184642/301 190164300	Recálculo da renda efectiva da persoa solicitante tendo en conta os seus ingresos reais no mes de marzo/2019 (430€).	4	504,76 €
3	X6373678	182691/301 190153882	Achegou toda a documentación necesaria para resolver a solicitude de axuda. Recalcúlase a renda efectiva da unidade familiar con imputación de RISGA de 3 membros (Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	8	1.009,52 €



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/P AS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 126,19€)
4	036082093	184403/301 190148506	Comprobase o cumprimento do requisito de antigüidade acumulada mínima no PMH (nai: Base sétima, Apdo. 7.1.1º; filla: Base décimo cuarta, Apdo. 14.8).	8	1.009,52 €
5	053177910	183988/301 190150249	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación das pensións de alimentos non percibidas.	4	504,76 €
6	X3281509	183823/301 190150366	Admítese a inclusión do menor C.D.M. como membro computable da unidade familiar.	2	252,38 €
7	Y4324066	184010/301 190152074	Comprobase a presentación da documentación requirida (Anexo II). Recálculase a renda efectiva da unidade familiar con imputación de RISGA para 5 membros computables (Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	6	757,14 €
8	016242800	183500/301 190177283	Recálculo da renda efectiva da persoa solicitante con imputación de RISGA para 1 membro computable.	2	252,38 €

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/P AS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 126,19€)
9	053186481	185263/301 190152618	Comprobase a presentación da documentación requirida. Aplícanse os ingresos declarados na solicitude e a correspondente deducción por vivenda.	6	757,14 €
10	X9549396	183884/301 190152977	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación da pensión de alimentos non percibida.	8	1.009,52 €
11	054507976	184969/301 190154898	Comprobase o cumprimento do requisito de antigüidade mínima no PMH (Base sétima, Apdo. 7.1.1º). Carecía de ingresos no mes de marzo/2019. Non aplica deducción por vivenda.	14	1.766,66 €
12	036145765	183649/301 190183329	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación da pensión de alimentos non percibida.	4	504,76 €
13	036135244	183833/301 190170133	Reconsidérase a imputación inicial de RISGA para 1 membro e aplícanse os ingresos reais da solicitante no mes de marzo/2019.	4	504,76 €
14	X4431041	185269/301 190181090	Comprobase a presentación da documentación requirida.	6	757,14 €



Concello de Vigo

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/P AS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 126,19€)
15	003885468	183345/301 190147871	Reconsidérase a imputación inicial de RISGA para 3 membros e aplícanse os ingresos reais da solicitante no mes de marzo/2019.	2	252,38 €
16	039455102	184050/301 190173600	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar tendo en conta os ingresos reais comprobados en marzo/2019 (572€) e aplicando deducción por vivenda (325€).	4	504,76 €
17	X6022653	184933/301 190149074	Comprobouse a presentación da documentación requirida. Recálculase a renda efectiva da unidade familiar a partir dos ingresos recoñecidos en informe oficial XIESS (433,33€). Non aplica deducción por vivenda.	2	252,38 €
18	036114625	184037/301 190151988	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar (237,02€), sen imputación da pensión de alimentos non percibida. Aplica deducción por vivenda (325€).	6	757,14 €
19	036082179	184557/301 190150116	Reconsidérase a aplicación do requisito previsto na Base sétima, Apdo. 7.1.4º, tendo en conta a inidoneidade como vivenda das propiedades da unidade familiar. Acreditouse o pagamento de aluguer.	2	252,38 €
					TOTAL: 12.619 €

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación do Acordo.

TERCEIRO: Publicar este acordo no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(127).- PROPOSTA DE APERTURA DE TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PARA APROBACIÓN DA “ORDENANZA REGULADORA DO COMERCIO DE VIGO”. EXPTE. 7127/106.

Dáse conta do informe-proposta de data 7/02/2020, asinado pola secretaria de Admón. Municipal, o xefe do Servizo de Comercio e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.(LPAC)

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.(LRBRL)

Lei de Ordenación do comercio minorista (LOCM)

Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (LCIG)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 4 da LRBRL atribúe aos municipios potestade regulamentaria que se desenvolve no artigo 84.1 ao establecer como unha das ferramentas das entidades locais para intervir na actividade dos cidadáns, é a través da aprobación de ordenanzas e bandos.

O artigo 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en



Concello de Vigo

materias tales como: abastos, feiras, mercados, comercio e defensa, dominio público local, ordenación do tráfico ou mobilidade, protección do medio ambiente e da contorna urbana, seguridade en lugares públicos

Actualmente o Concello de Vigo ten aprobada a Ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos, publicada no BOP nº 246, de 27 de decembro de 1995, se ben, dende esas datas, producíronse distintas modificacións normativas tanto a nivel estatal (Lei de Ordenación do comercio minorista (LOCM) reformada por Lei 1/2010, do 1 de marzo, para adecuala á Directiva de servizos (Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior) como autonómica (Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia) que fan necesaria a redacción dunha nova ordenanza co obxecto de adaptar o seu contido a estas disposicións.

O acordo plenario de data 29 de xaneiro de 2020 polo que se aprobou o Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2020 recolle a aprobación da Ordenanza Reguladora do Comercio de Vigo.

O artigo 133 da LPAC dispón << *Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, efectuarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, en que se pedirá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca:*

a) *Dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*

b) *Da necesidade e oportunidade da súa aprobación.*

c) *Dos obxectivos da norma.*

d) *Das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias*

2. *Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto da iniciativa, cando a norma afecte os dereitos e intereses lexítimos das persoas, o centro directivo competente publicará o texto no portal web correspondente, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facer outras persoas ou entidades.*

Así mesmo, poderá tamén pedirse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen as persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se vexan afectados pola norma e cuxos fins gardaren relación directa co seu obxecto.

3. *A consulta, audiencia e información públicas reguladas neste artigo deberanse realizar de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e os que realicen achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o cal se deberán pór á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros e concisos e reunirán toda a información precisa para poderense pronunciar sobre a materia.*

4. *Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos neste artigo no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións*

dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen.

Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderase omitir a consulta pública regulada no número primeiro. Se a normativa reguladora do exercicio da iniciativa lexislativa ou da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente destes procedementos, a eventual excepción do trámite por esta circunstancia axustarase ao previsto naquela.”

A concellería de Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais en virtude da delegación da Alcaldía en data 18.06.2019 en materia de comercio, en especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades feirais e mercados municipais formula á Xunta de Goberno local como órgano competente por Resolución de data 18 de xuño de 2019 de “*aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos*” a PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Abrir o trámite de consulta pública *previsto no artigo 133 da Lei 39/2015*, para a aprobación dunha Ordenanza de Mercado, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan a través do rexistro electrónico xeral facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I ao presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar publicidade deste acordo no Portal de Transparencia

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I.- Consulta pública

Antecedentes da norma	A aprobación da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior da Unión Europea, supuxo unha transformación dos mecanismos legais que rexen o mercado interior, coa finalidade de garantir que tanto os provedores como os destinatarios dos servizos beneficiense das liberdades fundamentais que consagran os artigos 49 e 56 do Tratado de funcionamento da Unión Europea: a liberdade de establecemento e a liberdade de prestación de servizos. O marco xurídico da venda ambulante está formada pola Lei de Ordenación do comercio minorista (LOCM) reformada por Lei 1/2010, do 1 de marzo e Real Decreto 199/2010 do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.
-----------------------	---



Concello de Vigo

	<p>No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia aprobouse a na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que establece o contido mínimo das ordenanzas municipais reguladoras da venda ambulante e inclúen regras e principios aos que deben adecuarse.</p> <p>A posta en marcha das súas previsións puxo de relevo a necesidade, así como a conveniencia dunha nova Ordenanza adaptada ao novo marco normativo.</p>
Problemas que se pretenden solucionar coa norma	Coa aprobación da Ordenanza se pretende garantir a seguridade xurídica no exercicio da actividade comercial establecendo un marco regulatorio en materia de abastos, venda ambulante, establecendo os procedementos de adxudicación, condicións de exercicio e regular o uso do dominio público .
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A necesidade de cumprir os principios e directrices definidos pola nova normativa, europea, estatal e autonómica, en materia de comercio ambulante no ámbito local, garantindo, dunha parte, a liberdade de empresa nesta concreta modalidade de distribución comercial, así como, o libre establecemento de servizos de distribución comercial e o seu exercicio, de acordo coa Directiva 2006/123/CE relativa aos servizos no mercado interior; e, doutra, o respecto e garantía dos lexítimos dereitos das persoas consumidoras, a protección da súa saúde e seguridade, a utilización do dominio público
Obxectivos da norma	Coa norma se pretende establecer o marco regulatorio do exercicio da actividade comercial nos mercados de abastos e as distintas tipoloxías de venda ambulante, requisitos, procedemento de adxudicación, dereitos e obrigas das persoas autorizadas, infraccións e sancións e ordenación do uso do dominio público.
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	A alternativa consistiría en non acometer ningún desenvolvemento regulamentario municipal, pero o establecemento dunha Ordenanza que concrete e desenvolva as normas citadas resulta máis conveniente e mesmo necesario para a aplicación práctica para a ordenación dos mercados de bastos e exercicio da venda ambulante e axeitado uso do dominio público. Asemade, esta necesidade tamén resulta aconsellada para acadar unha maior seguridade xurídica.

5(128).- DECLARAR DESERTO O LOTE Nº 1 DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA O ALLEAMENTO DE EFECTOS NON UTILIZABLES (VEHÍCULOS AO FINAL DA SÚA VIDA ÚTIL E MATERIAL DE CHATARRA). EXPTE. 13981/445.

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 20/02/2020, que di o seguinte:

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica (propuesta declaración deserto lote 1)

a) Procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 3 de febreiro de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de febreiro de 2020.

Terceiro.- Reunida a Mesa de Contratación o 20 de febreiro de 2020 para a apertura das proposicións presentadas, comprobouse tras o descifrado que non se presentou ningún licitador para o lote 1 “vehículos ao final da súa vida útil”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición ao lote 1 desta licitación, tal e como se constatou na sesión que tivo lugar o 20 de febreiro de 2020, procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 1 “vehículos ao final da súa vida útil” procedementosimplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) por non terse presentado proposición ningunha en prazo”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(129).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PADEL A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO” NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19441/333.

Visto o informe xurídico de data 17/02/2020 e o informe de fiscalización do 19/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/02/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 19441/333 sobre o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do Pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2020-World Pádel Tour” na cidade de Vigo,foi subsanado o erro material en relación á referencia á derogada Lei 30/1992 no apartado III dos fundamentos xurídicos do informe e no apartado III do mesmo.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

2.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

S.ord. 27/02/2020

3.- En relación ó desenvolvemento e promoción de programas de promoción deportiva na cidade de Vigo, débese resaltar a gran demanda, asistencia e participación que teñen na cidade; nos atopamos que a celebración de grandes eventos deportivos que supoñan establecer referencias deportivas do máis alto nivel en Vigo, conforman unha importante proposta e fundamentan a oportunidade de xerar novos proxectos que podan contribuír, fundamentalmente, a impulsar e potenciar a participación da cidadanía no ámbito deportivo.

A celebración do Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2020-World Pádel Tour”, converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do pádel no ámbito internacional, máis de 300 deportistas do máis alto nivel internacional, e asistencia de mais de 10.000 persoas de público, cunha estimación do 47.9 % de asistentes de outras cidades, tendo en conta ademais que a participación feminina é do 40 %, e a repercusión sobre os máis de 5 millóns de practicantes en españa xeran mais de 624.000 seguidores en redes sociais, e partidos en directo en televisión e en streaming convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do pádel.

Asemade, o devandito proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais que fai deste evento deportivo unha boa oportunidade de promoción da cidade acolledora do evento deportivo e do deporte en si mesmo. Esta difusión farase a través da dinamización da prensa escrita, Gol Tv, con retrasmisión en directo dos partidos de maior interese ou a dinamización a través dunha canle de Youtube, con máis de 173.000 espectadores no 2019, superando en suscriptores a outras competicións de ámbito internacional.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade moi arraigada na comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que na actualidade existe unha gran afección a este deporte.

4.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, pretende executar o seguinte proxecto deportivo:

Investimento
–Proxecto de promoción deportiva de pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo – Open 2020-World Padel Tour”, coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará do 22 ó 29 de marzo en Vigo.

5.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

Investimento
Vigo Open 2020-World Padel Tour
Obxecto da actuación:
Desenvolver o Proxecto de promoción deportiva de pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2020-World Padel Tour”, coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará do 22 ó 29 de marzo en Vigo



Concello de Vigo

Alcance económico da actuación:
111.000,00 €

6.- En data 10.02.20 o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para o financiamento e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade proposto neste expediente.

7.- O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, co conforme do Concelleiro delegado de deportes, á vista do interese de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas encamiñadas a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para o financiamento dos investimentos vinculados ao presente convenio.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

II.- Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

III.- Os artigos 86 da Lei 39/2018, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

IV.- O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

S.ord. 27/02/2020

VI.- O convenio consta dunha parte expositiva e once pactos. O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo. Os pactos que se incorporan ao mesmo estímense conformes ao interese público municipal.

III.- Convenio

A *celebración de convenios de colaboración* entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público, sinalando o apartado segundo do mesmo os tipos de Convenio, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia

En canto ó seu *contido*, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O *interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio*, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

O Convenio regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo

Os investimentos vinculados ao presente convenio serán definidos nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar.

En todo caso, o proxecto dos investimentos a desenvolver terá relación directa con:

Desenvolvemento do Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2020-World Padel Tour”, que se disputará entre o 22 e o 29 de marzo de 2020 en Vigo, cun orzamento previsto de 561.771,00 €.

IV.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte



Concello de Vigo

V.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO “VIGO OPEN 2020-WORLD PADEL TOUR”, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se anexa para o desenvolvemento Padel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2020-World Padel Tour”, que se disputará entre o 22 e o 29 de marzo de 2020.

Terceiro. Tras a firma do presente convenio procederase a tramitación administrativa conducente a cumprimento dos terminos do convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PADEL A TRAVÉS DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR” NA CIDADE DE VIGO

No Pazo Provincial, _____ de _____ de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. José Manuel Fernández Pérez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Concelleiro de deportes, en virtude das facultades delegadas por resolución de Alcaldía de data 26/06/2019.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

S.ord. 27/02/2020

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, deciden potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador e a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e do seu entorno, posibilitando a consolidación de importantes eventos deportivos no Concello de Vigo.

III.- Que o artigo 36.1.d) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións a competencia na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia encoméndalles en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e por outro lado, a lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, nos seus artigos 7.1 e 7.6 especifica que as deputacións provinciais exercerán no seu correspondente ámbito territorial as competencias de fomento, promoción e difusión do deporte así como calquera outra actuación que redunde no beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

IV.- Que, atendendo ó disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, a Lei 3/2012, de de 2 de abril, do deporte de Galicia, sinala no artigo 8.1 entre as competencias dos municipios en materia deportiva, a de fomentar, promover e difundir o deporte.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- Que o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra consideran que o proxecto do “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR” é unha oportunidade única de fomento do deporte do pádel e de promoción turística da Cidade de Vigo, e das Rías Baixas en xeral, xa que o citado evento deportivo desenvolverá unha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade de Vigo, actuacións de promoción previa e posterior á celebración do mesmo, que van dende a difusión preliminar



Concello de Vigo

do evento como parte do Circuito Internacional World Padel Tour, que desenvolve en 25 probas en 9 países diferentes, que busca a máxima dinamización do acto para o seu coñecemento, ata a difusión en redes sociais, cun seguimento de cerca de 900.000 persoas no ano 2019, e o propio acontecemento, que se celebra ó longo de 6 días nos que se xogan tanto a fase previa como as finais do torneo.

Asemade, o devandito proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais que fai deste evento deportivo unha boa oportunidade de promoción da cidade acolledora do evento deportivo e do deporte en si mesmo. Esta difusión farase a través da dinamización da prensa escrita, GOL TV, con retransmisión en directo dos partidos de maior interese ou a dinamización a través dunha canle de Youtube, con mais de 266.000 espectadores no 2019, superando en suscriptores a outras competicións de ámbito internacional.

VII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e, en desenvolvemento do protocolo de colaboración arriba referido, que contemplan como obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de promoción do deporte e a posta en valor dos recursos turísticos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR”, na cidade de Vigo, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ós seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR”, que se disputará entre o 22 e o 29 de marzo de 2020 na cidade de Vigo e que ten a finalidade de promocionar a práctica deportiva do pádel e a promoción turística da cidade de Vigo.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ó que se refire o presente convenio, atende ás necesidades de desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva do pádel e de promoción da cidade de Vigo, durante a celebración do “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR”. Este proxecto de promoción deportiva conta cun orzamento total de QUINIENTOS SESENTA E UN MIL SETECENTOS SETENTA E UN EUROS (561.771,00 €).

1º.- A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade total de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €) para a execución do citado proxecto de promoción deportiva durante o evento deportivo na edición do 2020.

A achega da Deputación de Pontevedra realizarase contra a aplicación 2020/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concelllos-Actividades (Vigo-Pontevedra).

2º.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía total de CINCUENTA E SEIS MIL EUROS (56.000,00 €) para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel durante o citado evento deportivo.

O pago realizarase contra a aplicación 3410.2279901 do orzamento do Concello de Vigo.

As aportacións comprometidas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo consisten nunha contías fixas máximas, no caso de que a actividade realizada teña un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar co seguinte desglose:

ACTUACIÓN	ACHEGA
Deputación de Pontevedra – Anualidade 2020	55.000,00 €
Concello de Vigo – Anualidade 2020	56.000,00 €
TOTAL	111.000,00 €

2º.- O Concello facilitará os documentos administrativos tramitados para a contratación do patrocinio para o seu coñecemento, que poderán ser sometidos á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

3º.- Formalizado o patrocinio, remitirase unha copia á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ó órgano de contratación e ós responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

5º.- A Administración municipal remitira á provincial as sucesivas facturas polas accións de patrocinio que expida a empresa adxudicataria, xunto coa certificación da súa aprobación polo órgano correspondente. A cantidade correspondente a cada factura será reembolsada ó Concello de Vigo pola Administración provincial mediante transferencia bancaria, que será librada logo da fiscalización pola Intervención provincial das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria, e na parte proporcional do financiamento. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

Memoria da actividade que se realizou e dos resultados obtidos debidamente asinada.



Concello de Vigo

- Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello.
- Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.
- Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada.
- Declaración responsable de que os gastos e ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio.
- Declaración responsable de que os ingresos obtidos e das subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade.
- Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade.
- Certificación de pagamento a favor do adxudicatario do contrato de proxecto de promoción deportiva, asinado polo Tesoureiro do Concello de Vigo.
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

O Concello de Vigo presentará a documentación xustificativa no prazo de tres meses, como máximo, desde a finalización do prazo para a realización da actividade. Non obstante, o Concello de Vigo poderá facer xustificacións parciais segundo se vaian executando cada unha das actuacións obxecto do contrato de promoción deportiva.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Levar a cabo a tramitación administrativa vinculada co contrato de patrocinio do evento "VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR".
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dirixir, executar e controlar o cumprimento dos termos do patrocinio.
- Remitir, unha vez formalizado, unha copia do contrato de promoción deportiva do pádel á Deputación Provincial.
- Xustificar perante a Deputación as accións de patrocinio executadas mediante a presentación das correspondentes facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a prestación dos servizos obxecto do mesmo levouse a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ó cumprimento das obrigas contidas na normativa reguladora en materia de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra obrígase a:

–Achegar a contía derivada do presente convenio, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.

O pagamento das diferentes prestacións obxecto do convenio realizarase de acordo co establecido no pacto terceiro (“Execución do Convenio”).

–Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións de promoción deportiva do VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR incluírase a imaxe corporativa que a este fin facilite, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións de promoción a desenvolver no marco do convenio que terá por obxectivo procurar atraer a turistas de diferentes perfiles e segmentos á cidade de Vigo, así como o fomento do deporte do pádel, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as



Concello de Vigo

subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ó efecto as instrucións oportunas
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ó seu responsable e ó seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2020.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ó responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º.- Polo incumprimento do contrato por parte da empresa adxudicataria.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público; a Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.



Concello de Vigo

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

7(130).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN 2020 DO CIRCUÍTO WORLD PADEL TOUR” ORGANIZADO POR SETPOINT EVENTS S.A. EXPTE. 19429/333.

Visto o informe xurídico de data 19/02/2020e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 7/02/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 23 de xaneiro de 2020, que consta no expediente, o Concelleiro delegado de deportes en data 24 de xaneiro dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “Vigo Open 2020 do circuÍto World Padel Tour” organizado por Set Point Events S.A.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.l. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 23 de xaneiro de 2020.
- Memoria xustificativa do contrato de data 06 de febreiro de 2020 asinada polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo.
- Prego de Prescricións técnicas particulares de data 28 de xaneiro de 2020, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral con data de 06 de febreiro de 2020.

II.- Condicións definitorias do contrato

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto deste contrato é o patrocinio publicitario do “**VIGO OPEN 2020 DO CIRCUÍTO WORLD PADEL TOUR**”, organizado por SETPOINT EVENTS, S.A., proba que forma parte do circuÍto internacional de pádel “World Padel Tour”.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

S.ord. 27/02/2020

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover o deporte e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, SET POINT EVENTS S.A., que ten a exclusiva do evento.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, nunha identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o deporte, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acolledora de grandes eventos deportivos de nivel nacional e internacional.

A valoración para o patrocinio se fundamenta nunha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade, actuacións de promoción previa e posterior á celebración do mesmo, que van dende a difusión preliminar do evento como parte do Circuito internacional World Padel Tour, que se desenvolve en 12 sedes a nivel nacional e 9 países diferentes, que busca a máxima dinamización do acto para o seu coñecemento, ata a difusión en redes sociais, cun seguimento de mais de 893.000 persoas no ano 2019, e o propio acontecemento, que se desenvolve ó longo de 6 días nos que se desenvolve tanto a fase previa como as finais do torneo.

O proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais. Esta difusión se realiza a través da dinamización a través da prensa escrita, GOL TV, con retransmisión en directo dos partidos de maior interese ou a



Concello de Vigo

dinamización a través dun canal de Youtube, con mais de 173.000 espectadores no ano 2019, superando en suscriptores a outras competicións de ámbito internacional.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o proxecto do "WORLD PADEL TOUR 2019", establécese en 111.000,00 euros (ive incluído). O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao **retorno** que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como expoñente deportivo de primeiro orde, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores ó evento nas diferentes insercións, ademais de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 111.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 19.264,46 euros.

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 3410.2279901 (Patrocinio World Padel Tour) do vixente orzamento para o ano 2020.

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre o desenvolvemento da produción do evento, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por SETPOINT EVENTS S.A., nos que fai referencia a un "retorno" de 6€ por cada euro invertido.

O único criterio de adxudicación será a redución do prezo do contrato.

II.5 Revisión de prezos

Non procede.

II.6.- Esixencia de Clasificación

Non se contempla.

II.7.- Subcontratación

Admítese a subcontratación. Non se determinan tarefas críticas.

A subcontratación rexerase polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

S.ord. 27/02/2020

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución será de dez días. O cómputo do prazo iniciárase o 22 de marzo de 2020. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 31 de marzo do mesmo ano. De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10.- Responsable do Contrato

O responsable do contrato será a o Xefe do Servizo de deportes-Director deportivo.

II.11- Seguridade

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

II.12.- Condicións especiais de execución:

Considerarase condición especial de execución a obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores, así como a adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

II.13.- Solvencia

- - Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- - Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os eventos deportivos de natureza semellante organizadas nos tres últimos anos.

III.-Proposta

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.



Concello de Vigo

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do Vigo Open 2020-World Padel Tour , a mercantil Setpoint Events S.A., como organizador exclusivo do evento.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 28 de xaneiro de 2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación, con data de 06 de febreiro de 2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 111.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 19.264,46 euros.

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 3410.2279901 (Patrocinio World Pádel Tour).

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art 101.1 LCSP é de 91.735,54 euros.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(131).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUXILIARES PARA A POSTA EN MARCHA E APERTURA DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA . EXPTE 23976/332.

Visto o informe xurídico de data 14/02/2020 e o informe de fiscalización do 18/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 3 de decembro de 2019, o Concelleiro de Educación e Xuventude resolveu "autorizar a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por

S.ord. 27/02/2020

procedemento aberto e tramitación ordinaria de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia, situada na rúa Teixugueiras, 26 B."

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 03/12/2019.
- Resolución do Concelleiro de Educación e Xuventude de data 03/12/2019 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 08/01/2020, redactado pola xefa do Servizo de Educación do Concello de Vigo.
- Memoria xustificativa de data 11 de febreiro de 2020.
- Informe de data 17/01/2020 da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 12/02/2020, redactado polo Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O obxecto do presente contrato é a prestación dos servizos auxiliares de conserxería, atención ao público, control de accesos, información e pequenas reparacións, necesarios para o funcionamento da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia, situada na rúa Teixugueiras 26 B (Vigo), de acordo cos requisitos contidos no prego de cláusulas administrativas particulares e no de prescricións técnicas.

Duración: Establecese un prazo de duración de dous (2) anos coa posibilidade de tres (3) prórrogas de un (1) ano cada unha delas.

Prezo: O prezo do contrato e de 79.917,21 euros (66.047,28 euros, máis 13.869,93 de IVE a soportar pola administración)

Aplicación orzamentaria: O importe do contrato imputarase á aplicación presupostaria 3260.22.799.15 ("Sala Lectura de Navia") do Servizo de Educación do exercicio 2020.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:



Concello de Vigo

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas (PPT) de data 08/01/2020, redactado pola xefa do Servizo de Educación do Concello de Vigo e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/02/2020, redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 79.917,21 euros IVE incluído (32.693,40 € IVE incluído na anualidade de 2020; 39.958.60 € IVE incluído na anualidade de 2021 e 7.265,20 € para a anualidade de 2022) para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.22.799.15 "Sala Lectura de Navia". O valor estimado do contrato estipulase en 178.327,66 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(132).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE "VIGO EDUCA". EXPTE. 18628/332.

Visto o informe xurídico de data 11/02/2020 e o informe de fiscalización do 18/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 06/02/2020 , asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de Xullo de 2017, adoptou o acordo de adxudicar á EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L. (CIF B-36046530), o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa" (expte. 18628-332) por un prezo total de 153.780.-€ (Ive Incluído), sendo o prezo unitario de 77,46.-€ por cada viaxe ou desprazamento escolar (ida e volta); todo elo de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de abril de 2017 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de tres anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 7 en relación cos apartados 4.A) e

4.C) das FEC). Polo tanto, segundo contrato formalizado en data 28 de xullo de 2017 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, o prazo do contrato é de tres anos contados dende o 15 de setembro de 2017; estando prevista a posibilidade de unha prórroga, por un período máximo de 9 meses e medio, debendo finalizar o contrato neste caso o 30 de xullo do ano 2021.

En data 05/02/2020 ten entrada no rexistro electrónico do Concello co código de solicitude W415760-126 e nº de doc. 200019256 escrito da empresa adxudicataria “Estévez Aviión, S.L”, poñendo de manifesto vontade e disponibilidad explícita para desenvolver a prórroga do contrato obxecto do presente informe.

O Concelleiro de Educación e Xuventude, mediante dilixencia de data 06 de febreiro actual, considera a necesidade de solicitar do órgano de contratación a prórroga do presente contrato dende o 15 de setembro de 2020 ao 30 de xuño de 2021 de acordo cos pregos de condicións.

As prestacións por parte da empresa adxudicataria dos **servizos** de desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa” correspondentes aos cursos lectivos escolares completos de 2017-2018 e 2018-2019 e aos 1º trimestre e parte do 2º trimestre do actual curso lectivo escolar 2019-202, foron realizadas a plena satisfacción deste Servizo de Educación, e desenvolvidos de acordo cos pregos que rexen o vixente contrato.

Polo tanto, dende o Servizo Municipal de Educación, enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo de desprazamentos escolares mediante a materialización da prórroga por un período máximo de duración de nove meses e medio contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a **prórroga de nove meses e medio do contrato** para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA” (expte. 18628-332) para o período comprendido entre o **15/09/2020 e o 30/06/2021**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de **51.260,00.-€**, dos cales:

- Para o ano 2020 (15/09/2020 – 31/12/2020) corresponden 18.043,52.-€, que se imputarán á partida 3230.227.99.11 (Programa Vigo Educa) co vixente orzamento.
- Para o ano 2021 (01/01/2021 – 30/06/2021) corresponden 33.216,48.-€, que se imputarán á partida 3230.227.99.11 (Programa Vigo Educa) que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento futuro de 2021.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

10(133).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2020-2021” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA. EXPTE.17085/77

Visto o informe de fiscalización do 18/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 20, do 30 de xaneiro, publicouse a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020 (código do procedemento TR332A).

II. En data o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de subvención para o programa integrado para o emprego Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2020-2021, durante os anos 2020 e 2021.

III. A concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, coa finalidade de favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas que incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, procede á preparación do Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2020-2021, no que se fomenta o uso das novas tecnoloxías como base de novos servizos de apoio cos obxectivos de:

–Promover a inserción laboral das persoas beneficiarias, preferentemente perceptores de prestacións, e facendo especial fincapé na mocidade con idade ata 30 anos e persoas desempregadas como consecuencia dunha crise empresarial, potenciando e reforzando a súa iniciativa cara á formación, fomentando a súa motivación cara unha cualificación con expectativas de emprego, proporcionándolles apoio e acompañamento na busca de emprego.

–Realizar accións para o emprego que faciliten e apoiem a busca individual de traballo das persoas beneficiarias do Programa con especial incidencia na mocidade e persoas desempregadas.

–Fomentar a participación dos colectivos en risco de exclusión en accións de orientación, información, formación, etc.

–Dotar ás persoas usuarias do Programa das estratexias, habilidades e destrezas necesarias a través das distintas accións do proxecto, para unha boa busca activa de emprego, incrementando a súa autonomía e motivación.

–Adoptar mecanismos adecuados ás necesidades persoais que permitan salvar obstáculos que dificultan a inserción laboral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dacordo co proxecto que se presenta, denominado "Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2020-2021".

II. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exe

II. O programa ten unha duración estimada de 12 meses cun inicio previsto para o mes de xunio de 2020, e cun total de 100 persoas participantes das que se prevé unha inserción do 39%.

III. O custo total estimado do proxecto é de **248.250,00 euros**, dos que o 80% corresponde á solicitude de subvención **198.600,00€** e o 20% restante á cofinanciación municipal **49.650€**, que se financiará con cargo ás partidas (2410.1200100, 2410.1200400, 2410.1200600, 2410.1210001, 2410.1210004, 2410.1210101, 2410.1210104, 2410.1600000), de persoal adscrito ao desenvolvemento do proxecto polo que non é necesario a retención de crédito, sendo este importe superior ao previsto para a cofinanciación por parte do Concello de Vigo no proxecto.

IV. O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a



Concello de Vigo

súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- *Aprobar o proxecto denominado “Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo”, elaborado polo Servizo de Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 248.250,00 €, dos que 198.600,00 € son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 49.650,00 €, son a financiar polo Concello de Vigo.*
- 2.- *Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o ano 2020.*
- 3.- *Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2020 e 2021 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- 4.- *Delegar no concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(134).- PROCEDEMENTO DE PAGO DAS BECAS-AXUDAS DOS PARTICIPANTES NA FORMACIÓN DO “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO-2020”. EXPTE. 17058/77.

Visto o informe de fiscalización do 17/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 06/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria de data 7 de novembro de 2019, acordou a aceptación da axuda para o “Programa integrado de emprego do Concello de Vigo” (expte. 16843/77), subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, dentro da convocatoria dos programas integrados de emprego da Xunta de Galicia, destinadas á incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no contexto da garantía xuvenil, publicada no DOGA n.º 116 de data 20 de xuño de 2019 e aceptada por acordo de XGL de data 7 de novembro de 2019, enmarcado

dentro das axudas do Fondo Social Europeo destinadas á integración sostible de persoas xóvenes no mercado de traballo, no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Na aceptación e resolución encoméndase ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a execución do proxecto con indicación das accións a realizar que, deberán ser actuacións contempladas no proxecto inicial.

Na memoria das accións a cofinanciar con cargo à subvención, o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local propoñía, entre outras actividades, a realización de **itinerarios formativos e actividades de información, orientación e busca de emprego asociadas aos mesmos**, que deberán desenvolverse integramente en 2020, que permitirán a incorporación ao programa de 100 novos desempregados/as aos que se lle ofrecería orientación personalizada, formación axeitada ao seu perfil, necesidades e prácticas profesionais en empresas para así lograr a inserción social e laboral.

A Orde de 7 de xuño de 2019 (DOG 20 de xuño de 2019) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, destinadas á integración sostible de persoas xóvenes no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil, contempla nos seu Artigo 14. *Gastos imputables*, as actividades subvencionables incluídas no proxecto, e contemplando no apartado 1.d) as **Bolsas de asistencia ás persoas demandantes** que participen no programa integrado de emprego, nas accións de formación, orientación, prospección, previstos no programa, fixando que se aportará unha contía de **5 euros por día de asistencia ás accións do programa**.

Estas axudas serán compatibles coa percepción da prestación e subsidio por desemprego así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

II. A estes efectos o Servizo solicitou a xeración de crédito na partida 2410 4800018 Becas-Axudas_Programa integrado de emprego do Concello de Vigo por importe de 23.500,00 € estimando o número de accións formativas a desenvolver na anualidade, o número de beneficiarios/as de cada acción, a duración en meses o importe máximo da bolsa a cobrar cada mes que é de 110 €, segundo consta no presuposto do programa, conforme ao seguinte desglose:

Formación.	Nº ediciones	Nº Alumnos/ edición	Horas/ edición	Total horas	Horas teóricas	Horas Prácticas
Obradoiro de ferramentas para o emprego : deseño cv, video Cv...	4	15	5	20		
Obradoiro selección de persoal: A entrevista de traballo	4	15	5	20		
Obradoiro de emprego no estranxeiro	1	15	5	5		
Alfabetización informática	1	15	25	25		
Manipulador de alimentos	2	15	10	20		
Competencias clave matemáticas nivel 2	1	15	120	120	120	
Competencias clave lingua nivel 2	1	15	120	120	120	
Competencias clave lingua galega nivel 2	1	15	25	25	25	
Carné de Conducir	2	12	90	180		
Carretilleiro	1	15	30	30	10	20
Dinamizador de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil	1	15	310	310	150	160
Actividades auxiliares de almacén	1	15	210	210	170	40



Concello de Vigo

En base ao programa aprobado e, para a determinación dos usuarios/as con dereito a beca, o importe máximo mensual e diario e a forma de pago, propónse aprobar o seguinte procedemento:

1. As becas-axudas dos/as beneficiarios/as do programa serán compatibles coa percepción da prestación ou subsidio de desemprego, así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

2. A cada usuario/a que se achegue aos servizos do programa pediráselle que xustifique a súa situación de desemprego e que demostre se cobra algún tipo de axuda ou prestación.

3. O importe máximo mensual por beneficiario/a das becas-axudas para a anualidade 2020 será de 110 euros (5 euros/diarios x 22 días laborais).

4. O importe máximo diario das becas-axudas por beneficiario/a para a anualidade 2020 será de 5 euros.

5. O pago da beca farase en función dos días de asistencia ás actividades de formación específica, formación transversal presencial, orientación e prácticas laborais asociadas.

6. Non se aboarán as faltas non xustificadas.

7. Dado que a maioría dos participantes se atopan en situación de desemprego e non cobran ningún tipo de prestación ou subsidio, sendo importante o cobro da bolsa-axuda para o seu sustento económico, faise necesario que o **pago destas bolsas se faga a mes vencido** dentro do listado de nóminas de persoal para evitar os atrasos no seu cobro.

8. Para o pago destas bolsas dende a dirección do proxecto **remitiráselle á Intervención Xeral Municipal antes do día 5 de cada mes** a documentación relativa á asistencia dos cursos, que inclúe o informe da asistencia ás actividades de formación dos participantes coas contías que se lles deben pagar en función da asistencia e segundo as circunstancias persoais.

En aplicación dos criterios anteriormente descritos (contía máxima, número de posibles beneficiarios/as, duración da beca-axuda e procedemento de cálculo), estímase, para a anualidade 2020, un custe aproximado inicial en concepto de becas-axudas para o programa integrado de **Vinte tres mil cinco centos euros (23.500,00€)**

O pagamento das becas-axuda do presente ano poderá facerse con cargo á partida 2410 4800018 "Becas-Axudas Programa integrado de emprego do Concello de Vigo".

Por todo o anteriormente exposto, PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar o gasto por importe de Vinte tres mil cinco centos euros (23.500,00€) para facer fronte as becas-axudas que se devenguen no exercicio 2020, pola asistencia ás distintas accións (formación específica, formación transversal presencial, orientación e prácticas laborais asociadas) dos/as participantes no Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 2410 4800018 "Becas-axudas Programa integrado de emprego do Concello de Vigo".

SEGUNDO: Aprobar o importe máximo das becas-axudas que para a anualidade 2020 será de **110 euros/mes e de 5 euros/día**.

TERCEIRO: Aprobar para a anualidade 2020 o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Programa, consistente en remitir mensualmente á Intervención Xeral municipal antes do día cinco de cada mes para a súa inclusión dentro do listado de nóminas de persoal, a seguinte documentación:

- Informe da xefatura do Servizo, de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas, e contías que se lle deben pagar aos/ás participantes na formación, en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo así efectivo o pagamento destas becas-axudas a mes vencido, durante a súa participación no programa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(135).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DIVULGATIVO DE “ACCIÓNS DE ESPECIAL INTERESE MEDIOAMBIENTAL: VISITA Ó PARQUE NATURAL DE FRAGAS DO EUME E Ó CAMIÑO DOS ARRIEIROIS NO CARBALLIÑO”, DENTRO DO PROGRAMA MUNICIPAL CAMIÑO A CAMIÑO 2020. PRIMAVERA 2020. EXPTE. 14661/306.

Visto o informe de fiscalización do 18/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 12/02/2020, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 11 de febreiro de 2020, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto proxecto divulgativo de “accións de especial interese medioambiental: visita ó parque natural de Fragas do Eume e ó camiño dos arrieiros no Carballiño”, dentro do programa municipal camiño a camiño 2020

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle as dúas rutas en espazos de especial intereses medioambiental, para un total de 400 participantes, que se desenvolveran os días 7 e 14 de xuño de 2020.

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 9.944,00 euros (IVE engadido).

A organización municipal da actividade non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes das rutas que se desenvolven en día completo e fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento destas dúas accións estase a contemplar os seguintes supostos:



Concello de Vigo

- O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios o tratarse dun ruta de día completo e fóra do termo municipal, de xeito que chegarán 8,00 euros. Os menores de 12 anos chegarán a metade, 4,00 euros. O resto do custe será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes.

Concepto e custes unitarios	Número de usuarios	Prezo por usuario €	TOTAL €
Ingreso percorrido Fragas do Eume	190 adultos 10 nenos	8 4	1.520,00 40
Ingreso percorrido camiño dos Arrieiros, Carballiño	190 adultos 10 nenos	8 4	1.520,00 40
INGRESO TOTAL			3.120,00 €
% de participación usuarios no custe total inicial: $3.120,00 \times 100 / 9.944,00 = 31,38\%$			

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude das resolucións da alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2020, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para unha eficaz defensa dos valores

ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente pretende desenvolver dúas accións de especial interese medioambiental “visita ó parque natural de Fragas do Eume e ó camiño dos Arrieiros no Carballiño”, dentro do programa municipal camiño a camiño, e que desenvolverán en xornada de día completo.

As actividades realizadas van dirixidas ao coñecemento do hábitat dos lugares máis destacados de Galicia, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación aestes.

Parque natural de Fragas do Eume:

Trátase dun dos bosques atlánticos de ribeira referentes de Europa en canto a biodiversidade, que sigue o curso do río Eume e que en 2012 sufriu un devastador incendio.

O Parque sitúase no canón que crea o río e con grandes desniveis de ata 300 metros, permitindo así a conservación dun manto vexetal, a existencia de bosques con carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros, freixos, teixos, abeleiras e múltiples variedades de fentos (20) e liques (200). Tamén destaca a existencia dalgunhas especies animais endémicas e en perigo de extinción (p.e: saramaganta) e, mesmo, especies maiores como o lobo e diversas aves de rapiña.

A ruta a realizar realizarase no entorno do mosteiro de Caaveiro, a denominada Ruta dos encomendadeiros, de aproximadamente 12 km, que permitirá contemplar a plenitude do lugar.

O Parque natural “Fragas do Eume” foi declarado en 1997 e ten declaración LIC (2004), ZEC (2004 e 2014) e forma parte da Rede Natura 2000 (2014).

Camiño dos arrieiros no Carballiño

O Camiño dos arrieiros no Carballiño está recoñecido como camiño natural polo Ministerio de Medio Ambiente, e é un tramo do gran camiño dos arrieiros que parte de Braga ata Santiago. O trazado deste camiño natural, que ten unha lonxitude de 10 kilómetros, aproveita as sendas que atravesan a paisaxe dunha comarca chea de regatos ocultos entre carballo centenarios e frondosos bosques de ribeira, que acollen unha extraordinaria biodiversidade.

As citadas sendas, anteriormente camiños reais, eran empregadas polos arrieiros locais que transportaban o viño ás distintas feiras existentes ao seu paso ata a costa. Precisamente na volta viñan cargados con produtos do mar conservados en salazón ou afumados.

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

A cofinanciación das dúas actividade polos participantes, co obxecto de cubrir os custes do transporte ó tratarse de xornadas de día completo fóra do termo municipal de Vigo



Concello de Vigo

considérase, tamén, axustada a dereito nos termos do proxecto e das ordenanzas fiscais municipais ao non sobrepasar o custe do servizo.

En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2020), correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o proxecto divulgativo de “accións de especial interese medioambiental: visita ó parque natural de Fragas do Eume e ó camiño dos arrieiros no Carballiño”, dentro do programa municipal camiño a camiño 2020, para un total de 400 participantes, que se desenvolveran os días 7 e 14 de xuño de 2020.

O orzamento total da actividade ascende a 9.944,00 euros (IVE engadido), cuxo gasto se aplicará á partida orzamentaria 1721.227.99.08 “Programa Camiño a Camiño” do orzamento en vigor.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante polo transporte discrecional de 8 euros e de 4 euros para menores de doce anos, de conformidade co establecido no proxecto das actividades.

Terceiro.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

Cuarto.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE DIVULGACIÓN DE “ACCIÓNS DE ESPECIAL INTERESE MEDIOAMBIENTAL: VISITA Ó PARQUE NATURAL DE FRAGAS DO EUME E Ó CAMIÑO DOS ARRIEIRO NO CARBALLIÑO”, DENTRO DO PROGRAMA MUNICIPAL CAMIÑO A CAMIÑO 2020.

Primavera 2020

1. XUSTIFICACIÓN E ACCIÓNS DO PROXECTO

Dende a Concellería de Medio Ambiente lévanse facendo actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos en espazos de especial interese medioambiental de Galicia.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, para a primavera de 2020 están previsto desenvolver percorridos medioambientais en espazos singulares.

Data	Dia semana	Horario	Actividade	Usuarios	Desprazamento	Persoal
7 xuño	Domingo	8:00 - 20:00	Parque Natural de Fragas do Eume	200	Autobús discrecional	1 Coordinador
14 xuño	Domingo	8:00 - 20:00	Camiño dos arrieiros no Carballiño	200	Autobús discrecional	5 Monitores 1 Socorrista

2. ACTIVIDADES: DESCRICIÓN

As actividades realizadas van dirixidas ao coñecemento do hábitat dos lugares máis destacados de Galicia, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación ao mesmo.

Vanse a visitar dous espazos particularmente singulares de Galicia:

- **Parque natural de Fragas do Eume:**

Trátase dun dos bosques atlánticos de ribeira referentes de Europa en canto a biodiversidade, que sigue o curso do río Eume e que en 2012 sufriu un devastador incendio.

O Parque sitúase no canón que crea o río e con grandes desniveis de ata 300 metros, permitindo así a conservación dun manto vexetal, a existencia de bosques con carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros, freixos, teixos, abeleiras e múltiples variedades de fentos (20) e liques (200). Tamén destaca a existencia dalgúns especies animais endémicas e en perigo de extinción (p.e: saramaganta) e, mesmo, especies maiores como o lobo e diversas aves de rapiña.





Concello de Vigo

A ruta a realizar realizarase no entorno do mosteiro de Caaveiro, a denominada Ruta dos encomendadeiros, de aproximadamente 12 km, que permitirá contemplar a plenitude do lugar.

O Parque natural “Fragas do Eume” foi declarado en 1997 e ten declaración LIC (2004), ZEC (2004 e 2014) e forma parte da Rede Natura 2000 (2014)




- **Camiño dos arrieiros no Carballiño**

O Camiño dos arrieiros no Carballiño está recoñecido como camiño natural polo Ministerio de Medio Ambiente, e é un tramo do gran camiño dos arrieiros que parte de Braga ata Santiago. O trazado deste camiño natural, que ten unha lonxitude de 10 kilómetros, aproveita as sendas que atravesan a paisaxe dunha comarca chea de regatos ocultos entre carballo centenarios e frondosos bosques de ribeira, que acollen unha extraordinaria biodiversidade.



As citadas sendas, anteriormente camiños reais, eran empregadas polos arrieiros locais que transportaban o viño ás distintas feiras existentes ao seu paso ata a costa. Precisamente na volta viñan cargados con produtos do mar conservados en salazón ou afumados.



Na actividade poderán participar persoas de todas as idades. O número previsto está en 200 persoas por percorrido.

Para xestionar a actividade está previsto dispór de 1 coordinador e 5 monitores/as de actividades medioambientais ou de tempo libre. Adicionalmente, haberá un socorrista.

A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.

Para o desprazamento está previsto empregar un autobús discrecional fóra do termo municipal.

A Concellería de Medio Ambiente é a responsable da organización da actividade e da asunción dos custes desta.

3. ACTIVIDADES: CUSTE

O orzamento da actividade determínase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizarán en sábado e domingo.

Ademais das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

Requírese tamén un tempo adicional de tarefas administrativas de organización de grupos e listas de usuarios, preparación da temática medioambiental que se exporá aos usuarios en función do percorrido, flora, fauna e hábitats existentes.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:



Concello de Vigo

Concepto e custes unitarios	Total Base	% IVE	Total IVE	TOTAL
Monitorado e organización percorridos	4.400,00		924,00	5.324,00
Monitorado e organización 1 percorrido Fragas do Eume día completo.	2.200	21%	462,00	2.662,00
Monitorado e organización 1 percorrido Camiño dos Arrieiros, Carballiño, día completo.	2.200	21%	462,00	2.662,00
Transporte discrecional actividades fóra do termo municipal de Vigo	4.200,00	10%	420,00	4.620,00
CUSTE TOTAL	8.600,00		1.344,00	9.944,00

A organización municipal da actividade non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes destas visitas de día complemento que se desenvolven fóra termo municipal de Vigo, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento destas accións estase a contemplar os seguintes supostos:

- O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios o tratarse dun ruta de día completo e fóra do termo municipal, de xeito que achegarán 8,00 euros. Os menores de 12 anos achegarán a metade, 4,00 euros. O resto do custe será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes.

Concepto e custes unitarios	Número de usuarios	Prezo por usuario €	TOTAL €
Ingreso percorrido Fragas do Eume	190 adultos 10 nenos	8 4	1.520,00 40

Ingreso percorrido camiño dos Arrieiros, Carballiño	190 adultos 10 nenos	8 4	1.520,00 40
INGRESO TOTAL			3.120,00 €
% de participación usuarios no custe total inicial: $3.120,00 \times 100 / 9.944,00 = 31,38\%$			

4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRICIÓN

— Cara determinar os destinatarios das actividades establécense os seguintes criterios:

- Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).
- No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluírase na lista de agarda os venres ata as 14 horas, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.
- Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.
- Inscrición no Servizo 010 (986 810 260) de luns a mércores de 8 a 20 horas, os xoves de 8 a 14 horas da mesma semana da actividade.
- Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.
- Opcionais: e-mail.
- Cada persoa só poderá inscribir a un total de 3 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.
- A inscrición faise por estrito por orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010.
- No caso de cubrirse o total da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.
- As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.
- Será por conta dos usuarios a alimentación, transporte -no seu caso- que realizarán pola súa conta.
- A achega económica dos participantes será previa á realización da actividade e ingresarase na Tesourería Municipal na forma que se determine.

5. PUBLICIDADE

O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.



Concello de Vigo

6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o participante.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Concello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

13(136).- PROPOSTA DE APERTURA DE TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DA “ORDENANZA ESPECÍFICA DE PRAIAS NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE.14674/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/02/2020, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

I.1.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 17 de febreiro de 2020, emitiu informe xustificativo sobre a necesidade de iniciar procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias no Concello de Vigo nos seguintes termos:

“O artigo 45.1. da Constitución Española recoñece o dereito da cidadanía a desfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo.

Así mesmo, o apartado 2 de dito artigo, determina que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, coa finalidade de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

O artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, establece como materia de competencia propia municipal o “medio ambiente urbano”.

O principio xeral establecido no artigo 2.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), establece que «Para a efectividade da

autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente o círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita subxección á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.» E dicir, as concretas competencias locais, o seu ámbito e extensión, dependen, sobre todo, da normativa sectorial, a cal será estatal ou autonómica dependendo de quen teña constitucionalmente a competencia para outorgala.

En relación co anteriormente exposto, é como interpretou a doutrina do TC na STC 214/1989, o listado establecido no artigo 25.2 da LRBRL (na actual redacción) é un conxunto de “materias” mínimas nas que a lexislación sectorial necesariamente ten que atribuír competencias ás entidades locais, atribución de competencias que debe dotar de contido e efectividade á autonomía local (artigo 140 CE).

A Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, recolle no artigo 2 que a actuación administrativa sobre o dominio público marítimo-terrestre perseguirá os fins que seguen:

- Determinar o dominio público marítimo-terrestre e garantir a súa integridade e adecuada conservación, adoitando, no seu caso, as medidas de protección, e restauración necesarias e, cando proceda, de adaptación, tendo en conta os efectos do cambio climático.*
- Garantir o uso público do mar, da súa ribeira e do resto do dominio público marítimo-terrestre, sen máis excepcións que as derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas.*
- Regular o uso racional destes bens en termos acordos coa súa natureza, os seus fins e co respecto da paisaxe, ao medio ambiente e ao patrimonio histórico.*
- Conseguir e manter un axeitado nivel de calidade das augas e da ribeira do mar.*

Dita lei no seu artigo 31.1., tamén indica que a utilización do dominio público marítimo terrestre e, en todo caso, do mar e a súa ribeira será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordos coa natureza de aquel, tales como pasear, estar, bañarse, navegar, embarcar e desembarcar, varar, pescar... e outros actos semellantes que non requiran obras de instalación de ningún tipo e que se realicen de acordo coas leis e regulamentos ou normas aprobadas con forme a esta Lei.

O artigo 115.d) da citada Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.



Concello de Vigo

As normas de bo uso, goce e aproveitamento dos areais no Concello de Vigo están recollidas nun Bando do ano 2010, que reflicte as obrigas sinaladas nas ordenanzas municipais e demais normativa sectorial de aplicación.

O elevado uso dos areais todo o ano e, en especial, na época estival ou períodos de lecer, fai necesario a aprobación dunha ordenanza reguladora das condicións xerais de utilización e desfrute polos usuarios das praias en orde á seguridade, a saúde pública e á protección do medio ambiente, regular as actividades que se practiquen nas praias promovendo a protección cidadá e a calidade dos servizos que se presten. (...)"

I.2.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, en virtude da delegación de competencias do alcalde nos concelleiros delegados de Área de datas 18 e 26 de xuño de 2019 (BOBPO 01/08/2020), en data do 17 de febreiro de 2002, acordou o inicio do procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha Ordenanza municipal específica de praias.

I.3.- O Servizo de Medio Ambiente en novembro do ano 2019, realizou os traballos de redacción do prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) da contratación da prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do termo municipal de Vigo, anos 2020, 2021 e 2022, (expte. 14428/306), durante ós cales se constatou a necesidade de contar cunha normativa municipal específica que regule as condicións xerais de utilización e desfrute polos usuarios das praias en orde á seguridade, a saúde pública e ás actividades deportivas eventuais, pola dispersión da normativa reguladora do bo uso dos areais, en especial, atendendo ás necesidades de regulación derivadas da grande afluencia de usuarios das praias na época estival e, tamén, tralo análise de consultas realizadas dende a alcaldía. Naquela data, o Servizo de Medio Ambiente xa tiña remitida a información relativa ó Plan anual normativo do ano 2020 toda vez que o acordo da Xunta de Goberno Local do 31/08/2017, sobre Directrices do Plan Anual Normativo, establece expresamente a súa remisión á Secretaría de Pleno antes do 15 de outubro de cada ano, motivo polo que non se incluíu esta ordenanza na información do referido Plan.

I.4.- A elaboración e aprobación da dita ordenanza require a realización dunha consulta pública previa.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 de la Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen expresamente a potestade regulamentaria aos municipios. Pola súa parte, o artigo 128 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria dos órganos de gobernos locais.

Segundo.- A competencias, necesidade e idoneidade dunha Ordenanza específica de praias no Concello de Vigo, está xustificado no informe do xefe de servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo que se transcribe nos antecedentes deste informe.

Terceiro.- En relación coa tramitación dos anteproxectos de lei ou de regulamento debe considerarse o disposto na LPACAP que regula no seu artigo 133 *“Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos”*. En concreto, no seu apartado 1º dispón:

“Con carácter previo á elaboración do proxecto o anteproxecto de lei o de regulamento, sustanciarase unha consulta pública, a través do portal WEB da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.*
- c) Os obxectivos da norma.*
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”*

Cuarto.- Polo exposto, ao abeiro do artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP, para a redacción, tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias do Concello de Vigo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ás concellerías delegadas das áreas de goberno municipal con atribucións na materia e dar publicidade deste a través da Intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ANEXO I CONSULTA PÚBLICA

Antecedentes

En cumprimento do artigo 133.1. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á elaboración dunha Ordenanza específica de praias do Concello de Vigo, sustanciárase consulta pública a través do portal web deste Concello para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca dos apartados seguintes.

A) Problemas que se pretenden solucionar coa norma

A franxa litoral e, en especial, o medio areoso -praias-, é un recurso de gran valor ambiental, social, cultural e económico.

Estes espazos son elementos vivos, moldeados principalmente pola acción do mar (mareas e correntes) e do vento, cambiantes, dinámicos en evolución, que albergan flora e fauna ligada e dependentes de este medio.

A súa fragilidade e singularidade fai necesario dispor dun mecanismo que regule e permita conxugar a demanda e compatibilidade de usos, a presión social sobre o medio e a conservación dos seus valores naturais e a función de defensa da costa.

O uso dos areais todo o ano e, en especial, na época estival ou períodos de lecer, xera unha gran afluencia de usuarios nas praias que leva aparellada situacións problemáticas en orde ós espazos a ocupar, actividades de ocio a desenvolver, residuos, seguridade e saúde pública.

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

As normas de bo uso, goce e aproveitamento dos areais no Concello de Vigo están recollidas nun Bando do ano 2010, que reflicte as obrigas sinaladas nas ordenanzas municipais e demais normativa sectorial de aplicación.

O elevado uso dos areais, todo o ano e, en especial, na época estival ou períodos de lecer, fai necesario a aprobación dunha ordenanza reguladora das condicións xerais de utilización e desfrute polos usuarios das praias en orde á seguridade, a saúde pública e á protección do medio ambiente, regular as actividades que se practiquen nas praias promovendo a protección cidadá e a calidade dos servizos que se presten.

A entidade ADEAC-FEE trala análise das candidaturas de praias presentadas polo Concello para o ano 2020, comunicou en data 13 de xaneiro de 2020, a conveniencia de dispor dunha ordenanza específica de praias.

C) Obxectivos da norma

Redactar unha norma específica que regule as condicións xerais de usos dos areais que facilite a convivencia da cidadanía, a súa seguridade, mobilidade, accesibilidade, limpeza, saúde pública ou hixiene sempre en harmonía coa conservación do medio natural e a protección da costa e sen prexuízo da normativa sectorial existente na materia.

Segundo o Decreto 38/2019, de 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais dos areais de Galicia e o fondo documental do Concello de Vigo as praias do termo municipal son as seguintes:

N.º	NOME DO AREAL	CATEGORÍA	TRAMO	PARROQUIA
1	A SUACASA	Natural	Único	Teis
2	O MENDE	Natural	Único	Teis
3	RÍOS RAMPA	Urbana	Único	Teis
4	RÍOS PILÓN	Urbana	Único	Teis
5	ETEA	Urbana	Único	Teis
6	A PUNTA (<i>Punta da Guía</i>)	Urbana	Único	Teis
7	TEMOEIRAS (<i>Timoeiras</i>)	Urbana	Único	Teis
8	O AREÍÑO (<i>A Punta</i>)	Urbana	Único	Teis
9	O FARO (<i>Cala do Faro</i>)	Natural	Único	Teis
10	A LAGOA	Urbana	Único	Teis
11	A FÁBRICA	Urbana	Único	Teis
12	A MANGUIÑA	Urbana	Único	Teis
13	O ADRO	Urbana	Único	Bouzas
14	FONTOURA	Urbana	Único	Alcabre
15	O CARRIL	Urbana	Único	Alcabre
16	SANTA BAIA	Urbana	Único	Alcabre
17	O COCHO	Urbana	Único	Alcabre
18	A MOURISCA	Natural	Único	Alcabre
19	FONTES	Natural	Único	Alcabre
20	TOMBO DO GATO (<i>Pincho do Gato</i>)	Urbana	Único	Alcabre
21	A ESPEDRIGADA	Urbana	Único	Alcabre



Concello de Vigo

22	O COCHO DAS DORNAS	Urbana*	Único	Alcabre
23	A ARGAZADA	Urbana*	Único	Alcabre
24	SAMIL	Urbana*	Único	Navia
25	A FOZ	Urbana*	Único	Navia/Coruxo
26	A CALZOA	Urbana	Único	Coruxo
27	O FECHIÑO	Urbana	Único	Coruxo
28	A FONTAÍÑA	Urbana	Único	Coruxo
29	O BALUARTE (O Balvarte)	Natural	Único	Coruxo
30	O VAO	Natural	Único	Coruxo
31	A AREA GRANDE (Toralla)	Urbana	Único	Coruxo
32	A AREA PEQUENA TORALLA (1)	Urbana		Coruxo
33	O SERRAL	Natural	Único	Oia
34	CANIDO	Urbana	Único	Oia
35	XUNQUEIRO (Fechiños)	Urbana	Único	Oia
36	A SOBREIRA	Urbana	Único	Oia
37	A BURACA	Urbana	Único	Oia
38	A FURNA	Natural	Único	Oia
39	O APIO	Natural	Único	Oia
40	CANTO DE AREA	Natural	Único	Oia
41	NOVIA (<i>Novias</i>)	Natural	Único	Oia
42	O FORTIÑÓN	Natural	Tramo 1	Oia
42	O FORTIÑÓN	Urbana	Tramo 2	Saiáns
43	O PORTIÑO	Urbana	Único	Saiáns

44	OS SEIXOS	Natural	Único	Saiáns
45	SAN MARTIÑO	Natural	Único	Illas Cíes
46	NOSA SEÑORA	Natural	Único	Illas Cíes
47	OS BOLOS (Os Viños)	Natural	Único	Illas Cíes
48	AS RODAS	Natural	Único	Illas Cíes
49	O ALMACÉN	Natural	Único	Illas Cíes
50	A AREA PEQUENA (Arefiña)	Natural	Único	Illas Cíes
51	A AREA GRANDE DO MUXIEIRO (O Muxieiro)	Natural	Único	Illas Cíes
52	AREA DE FREIXEIROS	Natural	Único	Illas Cíes
53	FIGUEIRAS	Natural	Único	Illas Cíes
54	AREA DO MEDIO	Natural	Único	Illas Cíes
55	A CANTAREIRA	Natural	Único	Illas Cíes
56	AS MARGARIDAS	Natural	Único	Illas Cíes

En maiúscula o nome oficial do areal.

En minúscula outros nomes.

(1) Non aparece reflectido no Decreto 38/2019

Pódese consultar máis información no seguinte enderezo web:

http://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_playas.php?lang=gal#/

D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Non existe unha alternativa eficaz regulatoria (normativa sectorial existente na materia) nin non regulatoria que integre o aumento da presión de uso de determinadas praias coa demanda ou ampliación de servizos que garantan a boa convivencia cidadá, a seguridade, mobilidade, accesibilidade, limpeza, saúde pública e hixiene.



14(137).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8796/320.

Visto o informe xurídico do 19/02/2020 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 14/02/2020, asinado polo técnico de Xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 16 de maio de 2019, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, de 15 de maio de 2019 asinado pola Técnica de Administración Xeral (por atribución temporal das funcións inherentes á xefatura de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/2019) e o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
- Orde de inicio de 16 de maio de 2019 do Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
- Declaración de integridade da redactora do prego de prescricións técnicas particulares do contrato asinado en data 5 de xuño de 2019 pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais.

- Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 24 de setembro 2019, asinada pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais.
- Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en data 29 de novembro de 2019.
- Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en data 23 de xaneiro de 2020.
- Informe do servizo de contratación, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación, de data 29/01/2020.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación, de data 29/01/2020.
- Informe proposta de aprobación do expediente, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, en data 30/01/2020.
- Dilixencia asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local solicitando a nova redacción do Prego de prescricións técnicas particulares, en data 03/02/2020.
- Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 12 de febreiro 2020, asinado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais.
- Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en data 12 de febreiro de 2020.
- Dilixencia asinada pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación para a corrección do Prego de cláusulas administrativas particulares, en data 14/02/2020.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do servizo de Contratación, en data 14/02/2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo, no momento de iniciarse o



Concello de Vigo

expediente, esta competencia estaba delegada por Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en resolución de 16 de maio de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 159 da LCSP, no seu apartado 6, procede empregar o procedemento aberto simplificado, por tratarse dun contrato de servizos con valor estimado inferior ao establecido no referido artigo.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Debido a que na partida orzamentaria 9240 2279913 (MANTEMENTO DO SISTEMA DE CALEFACCIÓN E AIRE ACONDICIONADO), non ten dispoñible, faise necesario consumir crédito da bolsa de vinculación, se ben con este contrato non se altera o funcionamento do servizo.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (8796/320) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 12 de febreiro de 2020 e o prego de cláusulas administrativas de 14 de febreiro de 2020, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

3º.- Aprobar o gasto de **16.085,86 €** para a contratación do servizo de mantemento con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279913 (MANTEMENTO DO SISTEMA DE CALEFACCIÓN E AIRE ACONDICIONADO), distribuídos do xeito seguinte:

- 6.032,20 € correspondente ao ano 2020.
- 8.042,93 € correspondente ao ano 2021.
- 2.010,73 € correspondente ao ano 2022.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(138).- REINTEGRO DE GASTOS XUDICIAIS AO FUNCIONARIO MUNICIPAL CO NP 77169. EXPTE. 34205/220.

Visto o informe xurídico de data 14/02/2020 e o informe de fiscalización do 19/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 4/11/19, asinado pola técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal , que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En escrito de data 08/05/2019 (nº doc. 190067405) o funcionario Sr. Muñoz Rama con nº de persoal 77169 e DNI nº 3*12***5 *, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento dilixencias previas-procedemento abreviado 3428/14, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 4/12/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións.

A Letrada da Administración de xustiza do Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo, o 05/10/2018 certifica a firmeza do Auto de 4/12/2017 anteriormente referido.

II.- O importe solicitado ascende a unha contía de 7.260 €. Se aportan a tal efecto factura-minuta 8/2018, así como o xustificante do pago da mesma efectuado polo solicitante. Factura-minuta 8/2018 de 09/02/2018 e xustificante de ingreso de 12/02/2019.

III.- O Sr. Muñoz Rama, en escrito de data 11/09/2018 (documento administrativo nº 180147642) xa solicitara o reintegro dos gastos xudiciais agora reclamados (expte 32716-220).

Mediante dilixencia de data 25/09/2018 se lle requiriu para que presentara xustificante de abono da factura – minuta aportada.

Por Resolución do Concelleiro de Xestión municipal de data 23/01/2019, se declarou desistido ao Sr. Muñoz Rama da súa solicitude de data 11/09/2018 (documento nº 180147642) dada a ausencia de cumprimentación da subsanación requirida no prazo outorgado ao efecto.

IV.- Constan no expediente informe xeral emitido pola Asesoría Xurídica de este Concello de 28/06/2017 e informe do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo (trámites 11 e 13 do expediente).



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, tal e como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

IV.- Con data 28 de xuño de 2017, a Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias” anexo ao expediente.

Na resposta á consulta formulada ao Ilustre Colexio de Avogados de Vigo se sinala, entre outros aspectos, que *“entre avogado e cliente poden pactarse os honorarios que se consideren oportunos, sen suxeición a ningún baremo ou norma profesional”*, efectuándose unha referencia expresa á Xurisprudencia do Tribunal Supremo en materia de impugnación de honorarios de letrados por excesivos (en concreto, ATS de 7 de xuño do 2017) indicándose que neste punto *“debe atenderse a todas las circunstancias concurrentes, tales como el trabajo realizado en relación con el interés y cuantía económica del asunto, tiempo de dedicación, dificultades del escrito de impugnación o alegaciones, resultados obtenidos, etc, sin que por tanto sean determinantes por sí solos ni la cuantía ni los criterios del colegio de abogados, precisamente por ser éstos de carácter orientador”*.

No presente caso consta factura-minuta 8/2018, por importe de 7.260 €, así como o xustificante do pago da mesma efectuado polo solicitante de data 12/02/2019.

A resposta á consulta formulada por este Concello, así como acordos da Xunta de Goberno Local existentes (precedentes administrativos de expedientes similares, entre outros, acordos da Xunta de Goberno Local de 30/08/2018 -expediente nº 1709/1101- e de 08/11/2018 -expedientes nº 1883/1101 e 1887/1101-), xustifican a procedencia de estimación da solicitude presentada, a fin de evitar a desigualdade susceptible de xenerarse pola disparidade de criterios entre dous centros xestores diferentes e independentes entre sí como son a Secretaría Xeral do Pleno -encargada da xestión dos gastos xudiciais dos membros da Corporación Local- e a Área de Recursos Humanos e Formación -centro xestor dos gastos xudiciais susceptibles de xenerarse ao persoal municipal no exercicio das súas funcións públicas-.

Para evitar que este tipo de situacións se xeren a futuro, e no horizonte de mellora na xestión administrativa desta clase de gastos, resulta imprescindible proceder á definición, establecemento e aprobación de criterios reguladores da defensa xurídica e da asistencia letrada tanto dos corporativos municipais como do persoal ao servizo do Concello de Vigo, homoxeneizando criterios e avaliando, para o caso do persoal, a plena efectividade do disposto no artigo 36 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno do Concello en sesión do 28/12/1998, que garante a asistencia xurídica e defensa letrada polo Concello de Vigo a todo o persoal nos supostos, termos e condicións do previsto no precepto indicado.

V.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).



Concello de Vigo

En consecuencia, e coa conformidade do Sra. Concelleira-delegada da Área de Organización municipal nos termos do establecido no Decreto da Excma. Alcaldía de 18/06/2019 e Acordo da XGL de 20/06/2019, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Acordar, en base aos informes que obran no expediente, o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ao Sr. Múñoz Rama con nº de persoal 77169 e DNI nº 3*12***5 *, como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado/a-dilixencias previas-procedemento abreviado 3428/2014, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 4/12/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións, sendo certificado pola Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 1 de Vigo, a firmeza do auto de 4/12/2017 respecto ao solicitante.

Os gastos a aboar concréntanse nun importe total de **7.260 €**.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(139).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS". EXPTE. 4122/443.

Visto o informe de fiscalización do 19/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 18/02/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local Local, en sesión de data 3 de maio de 2018, acordou adxudicar a PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, por procedemento aberto, a contratación do

servizo de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador do estadio municipal de Balaídos (5.036-440).

II.- O dito arquitecto, adxudicatario do contrato, trala fase de supervisión do borrador, presentou proxecto de obras de execución de "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS", cun orzamento base de licitación máis IVE de 16.650.000 euros e o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 21.02.2019, resolveu iniciar expediente para a súa aprobación.

III.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución de autorización das obras do proxecto de "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS", da Dirección de Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade) de data 20.05.2019, condicionada ó cumprimento das seguintes condicións:

"Xerais

- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditas conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinala o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando abrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.

Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.

- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.



Concello de Vigo

- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

Particulares

- As obras serán o “Proxecto de execución da nova grada de marcador” consistentes na demolición e posterior construción da cuberta da grada leste con chapa similar á existente sobre malla espacial, adaptación de espazos interiores destinados a circulacións, aseos, usos propios do estadio, das instalacións e da zona comercial, sen aumento de volume da estrutura existente, en zona de policía e servidume do río Lagares, e parcialmente sobre canalización deste, no Estadio Municipal de Balaídos, na Avda. de Balaídos, concello de Vigo(Pontevedra).
- Debe destacarse que a zona de actuación se atopa nun área de risco potencial significativo ARPSI, cualificado como zona de fluxo preferente e zona asolagable para un período estatístico de retorno de $T= 10/100/500$ anos na que o titular da autorización coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso e comprométese a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.

O titular asume os riscos derivados da condición da zona de fluxo preferente e asolagable de $T= 10/100/500$ anos polo que calquera incidencia que se derive en episodios de enchentes nos traballos que se autorizan será responsabilidade do titular.

- O solicitante é coñecedor que as instalacións están parcialmente situadas sobre dominio público hidráulico, podendo aplicar o Organismo de Bacia en calquera momento o correspondente canon de ocupación segundo o artigo 284 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Real Decreto 849/1986 de 11 de abril)
- Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito dorío.
- Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estetraballos.
- Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.
- Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.

- Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.
- Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc ata conseguir a súa situación primitiva.
- O prazo para a realización das obras é de doce (12) meses, contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.
- Rematadas as obras, comunicaráse a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno”.

V.- A actuación se desenvolve no estadio municipal de Balaídos, propiedade municipal sita en Avd. Fragoso n.º 117, esquina rúa Val Miñor 4A; ben incluído no Inventario Municipal co núm. 280, e afecta ao dominio público hidráulico do río Lagares.

Na primeira fase das obras estas consistirán en:

- Previamente procederase a reposición dos servizos existentes e instalación de cuartos de transformación existentes así como a continuidade de servizos tanto a o estadio como a o entorno.
- Unha vez posta en funcionamento a nova disposición de servizos de electricidade, procederase a retirada de elementos e enseres existentes na grada de marcador, para proceder a súa demolición tanto da tabiquería existente como da estrutura de formigón e gradas actuais, ata chegar a rasante do terreo natural.
- Unha vez efectuada a demolición procederase a escavación para execución dunha zona de semisótano e nivelación da parte da parcela a executar, así como a preparación do terreo, para a execución da cimentación a base de pilotaxe, unha vez efectuada a mesma efectuarase os muros de contención para fosos de ascensor, sobre a cabeza dos pilotes executarase os correspondentes encepados, e posterior atado con vigas riostras de formigón armado para o atado do conxunto da cimentación e posterior arranque da estrutura tanto de formigón armado como de elementos prefabricados, tanto de pilares como forxados na confección das distintas plantas, así como os elementos prefabricados para a formación dos graderíos de marcador de niveles alto e baixo, unha vez efectuados os elementos autoportantes, executarase unha cuberta a base de chapa metálica, sobre unha estrutura espacial metálica. En canto a fachada exterior da nova edificación propónse un recubrimento a base composite efectuado sobre estrutura autoportante de chapa sobre unha estrutura base de perfilería metálica.
- No referente a súa distribución propónse unha planta de semisóto a cota 4,98, onde prevese o uso de auditorio, almacéns e outros, planta a cota 8,20 a rasante da rúa Val Miñor, no que se propoñen os accesos ao estadio, que a vez comunica coas gradas de Río e



Concello de Vigo

Tribuna, efectuando o acceso a través dunha zona porticada sobre o vial exterior, onde se preveen as escaleiras de acceso, e tamén un total de 8 ascensores, o resto da planta prevese un uso terciario, planta 1ª a cota 12,60 que dá acceso a gradería de marcador baixo, no cal se propoñen espazos comerciais ao servizo do estadio. Cuartos de instalacións, aseos e zona de circulación, planta 2ª a cota 17,30, no que se propón o acceso a gradería de marcador baixo, zona comercial a o servizo do estadio. Planta terceira, a cota 23,80 propónse o acceso a grada de marcador alto, aseos, zona de oficinas de control do estadio e zona comercial a o servizo do estadio. Planta cuarta a cota de 29,40 propónse zona terciaria ao servizo do estadio e acceso a grada de marcador alto.

- Nesta fase de execución prevese o cambio da iluminación do estadio, para o cal se propón a demolición das torres exteriores de iluminación e redistribución dos focos existentes no conxunto das gradas, ata dotar a iluminación necesaria para o desenrolo das actividades deportivas previstas no estadio.
- Na zona exterior pública, prevese un elemento porticado do propio estadio.
- No referente aos acabados, no semisótano na zona de auditorio e seu acceso propónse un recrecido a base de formigón con resinas, paramentos verticais enfoscados e pintura e teito a base de falso teito acústico, prevese en dito local a preinstalación de canalización de climatización do mesmo.
- No resto das plantas propónse un acabado de pavimento vinílico nas zonas de acceso e nas zonas húmidas, pavimentos de formigón con resina en zonas de instalacións, e sen definir nos espazos destinados a uso comercial, propónse tamén nas escaleiras de acceso no inicio pavimentos podotáctil.
- En canto ás instalacións prevese as instalacións correspondentes a protección contra lumes, alumado no interior do edificio, canalización de auga sanitaria ata os locais húmidos, e recollida de augas pluviais e fecais con condución ata as canalizacións existentes, así como a dotación de renovación de aire en aseos e cuartos técnicos e a preinstalación de canalización na zona definida como auditorio.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 18 meses.

VI.- A Enxeñeira Técnica Industrial e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emiten en data 12.02.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

No referente ao aspecto urbanístico, segundo a I.O.P. aprobado definitivamente en data de 24/07/2019, a parcela no seu conxunto atopase dentro do ámbito dun equipamento, no proxecto no apartado 02., se recolle a xustificación urbanística da proposta, onde se xustifica o cumprimento de todos e cada dos condicionantes urbanísticos que fixa a normativa.

Tamén se dispón de informe favorable de Augas de Galicia, segundo copia do documento adxunto de data 20/05/2019., apartado 6.16.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A realización do proxecto conta coa autorización da Administración hidráulica de Galicia, se ben a prazo de execución da obra previsto no proxecto é superior ao prazo inicial da autorización de Augas de Galicia para a realización da obra, polo que ben no momento da execución ou previamente a esta deberá solicitarse de Augas de Galicia a prorroga da autorización prevista nas condicións desta.

V.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).



Concello de Vigo

VI.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS" redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASEIS MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (16.650.000 euros) e data decembro de 2019, sen prexuízo de que habida conta de que o prazo de execución da obra previsto no proxecto é superior ao prazo inicial da autorización de Augas de Galicia para a realización da obra, ben no momento da súa execución ou previamente a esta deberá solicitarse de Augas de Galicia a prorroga da autorización prevista nas condicións desta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(140).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA AOD A-3-10 "ESTURÁNS" POLÍGONO II. EXPTE. 5250/401.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/02/2020, asinado pola técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión e o xefe de Urbanización e Infraestruturas, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

I.- Con data do 24.07.2019 tiña entrada no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU), senllos escritos achegados pola entidade "Prazadouro, SL", (CIF B36835569) baixo os COD.SOL.: W364125-2649, COD. SOL.: W364129-6409, COD. SOL.: W364136-5558, COD. SOL.: W364137-9385, e COD. SOL.: W364140-55, polos que, solicita a convalidación, reactivación ou homologación dos acordos adoptados no expediente 4856/401, ou ben unha nova aprobación do proxecto de urbanización do polígono II da APR A-3-10 ESTURÁNS que permita a execución material da urbanización de referencia, e aos que xunta diversa documentación consistente en: Estudo de seguridade e saúde, Memoria, planimetría, pregos, e orzamento, datada en marzo de 2013, e redactada por "Ingeniería e análise Medioambiental" EAM, e que xa constaba incorporada ao expediente 4856/401.

II.- Examinada a antedita documentación, con data do 04.09.2019 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestruturas, emite informe técnico, co seguinte teor literal,

"(...) El 24/07/2019 la entidad Mercantil PRAZADOURO S.L. en presenta para su tramitación el proyecto de Urbanización de la ordenación detallada AOD A-3-10 "ESTURANS", (documentos 190115837, 190115858, 190115865, 190115877, 190115879) Este proyecto ha

S.ord. 27/02/2020

sido Redactado por INGENIERIA E ANALISE MEDIOAMBIENTAL EAM con fecha mayo de 2013.

Este proyecto ya fue presentado el 16 de mayo de 2013, al amparo del PXOM 2008, como proyecto de urbanización del Polígono 2 del APR A-3-10, en su momento este departamento informó favorablemente al proyecto. En el Anexo 3. Ordenaciones Detalladas. SUNC. AODS, Refleja la ordenación detallada AOD A-3-10 "ESTURANS", Polígono II, con una memoria, planos, certificación del pleno 07/12/2012 del proyecto de equidistribución y el Informe de viabilidad funcional de las infraestructuras de los servicios técnicos de la Gerencia M. de Urbanismo.

En este Informe de viabilidad funcional de las infraestructuras, imputa parcialmente el sistema

secundario de Pluviales SX-PLU2.16,001, con una cuota de participación del 11,847%, (112.374,75 €), asimismo también manifestaba la necesidad de tener en funcionamiento al 100% los sistemas secundarios de Pluviales SX-PLU2.16,001 y SX-PLU2.15,001, indicando que las aguas pluviales generadas por el propio ámbito, así como las de la cuenca a cota superior serán resueltas en el proyecto de urbanización y conectadas a los sistemas generales anteriores. Asimismo imputa como una carga urbanística al ámbito (los dos polígonos) una serie de sistemas generales y secundarios que valora en 305.141,45€ (para los dos polígonos).

La necesidad de resolver la conexión de las aguas pluviales del ámbito y de posibles aportaciones de cotas superiores de esta cuenca sigue siendo una realidad, no así los sistemas generales antes mencionados, pues no está vigente el PXOM 2008, por lo que no sería siquiera viable determinar en que se materializa el 11,847% del SX-PLU2.16,001, pues es un porcentaje de participación, no un tramo concreto.

Por esta razón, este técnico considera que se debe dar una solución a la evacuación de estas aguas pluviales desde el final del ámbito hasta los sistemas generales existentes, es decir, desde la calle Tomás A. Alonso hasta el colector de margen de ría en la calle Orillamar.

Por lo tanto, para poder continuar con la tramitación del proyecto de urbanización, se debe redactar un proyecto complementario de conexión de la red de pluviales al sistema general existente, proyecto que discurre por calles de titularidad pública y externas al ámbito.

III.- Dando cumplimiento a lo solicitado a la conclusión del antedito informe técnico municipal, con data do 18.09.2019 a entidade promotora, presenta senllos impresos de solicitudes no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, cos COD. SOL.: W374477-4889, W374480-7442, W374484-8749, W374489-1253, W374491-3205, W374494-7746 e W374510-1874, aos que xunta o documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de caminos, canales e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019.

IV.- A vista da documentación achegada pola promotora referida no parágrafo anterior, con data do 24.09.2019 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestructuras, subscribe novo informe, de carácter favorable, no que conclúe que, "(...) *después de revisar el proyecto presentado se informa que el mismo define correctamente las obras necesarias para esta conexión de las aguas pluviales de la cuenca de aportación con el colector de margen de ría. Por lo tanto este técnico considera que se puede continuar con la tramitación*



de la urbanización de la ordenación detallada.

V.-Remitido o expediente a informe da Técnico de medio ambiente adscrita ao servizo de planeamento e xestión, no ámbito das súas competencias e, no que atinxe ao trámite ambiental a seguir no presente procedemento, con data do 29.10.2019 emite o mesmo, no que conclúe, consultar ao órgano ambiental sobre o trámite ambiental aplicable ao proxecto de urbanización da AOD A-3-10 Esturáns (polígono II, e do que se extracta a continuación o seu contido íntegro:

“(...) Con data 24.07.2019 tivo entrada telemática no Rexistro da XMU (doc. 190115837) a solicitude de convalidación, reactivación ou homologación dos acordos adoptados no expediente 4856/401, ou ben nova aprobación do proxecto de urbanización do polígono II da APR A-3-10 Esturáns, por parte de D. Marcos Álvarez Rodríguez en representación da mercantil PRAZADOURO, S.L.

O polígono II da área de ordenación detallada A-3-10 Esturáns atópase incluída no Instrumento de Medidas Provisionais de Ordenación de Vigo (IOP), previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 24 de xullo de 2019.

Trámites de avaliación de impacto ambiental

O xa derogado Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se desenvolvía o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, incluía os proxectos de urbanización no seu grupo 7.b do anexo II: “Proxectos de urbanizacións, incluía a construción de centros comerciais e aparcamentos”.

Esta redacción foi modificada na vixente Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (grupo 7.b do anexo II): “Proxectos situados fóra de áreas urbanizadas de urbanizacións, incluída a construción de centros comerciais e aparcamentos e que en superficie ocupen máis de 1 ha”.

Características do proxecto

A Ordenación Detallada deste ámbito, denominada no vixente Instrumento de Ordenación Provisional Área de Ordenación Detallada A-3-10 ESTURÁNS POLIGONO II, correspóndese coa ordenación detalla prevista para o ámbito de solo urbano consolidado APR A-3-10 ESTURÁNS que o PXOM de Vigo 2008 (anulado por STS do 10.11.2015) incorporaba á súa documentación. Dita ordenación detallada delimitaba dous polígonos, o que nos ocupa neste expediente é o denominado polígono nº 2, que é o que se incorporou ao IOP. A superficie deste polígono abranxe 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como superficie total do ámbito de solo urbano non consolidado delimitado polo anulado PXOM 2008.

Os terreos delimitados por este polígono 2, presentan unha orientación norte, cunha pendente uniforme e suave de sur ao norte. Na zona leste do polígono é onde se acadan as maiores pendentes, cunha media aproximada dun 7 %. A parte situada ao oeste da rúa Esturáns ten unhas pendentes moito máis suaves.

O proxecto de urbanización contén a apertura de dous novos viais e a reurbanización do camiño Esturáns. Tamén se proxecta a creación dunha nova zona verde na parte sur do polígono.

O Plan Xeral determina como Uso Global Característico o Residencial, que a Ordenación Detallada desagrega nos Usos Pormenorizados de: Residencial Clase Vivenda, Categoría 2^a; o Residencial Libre e Categoría 2^a de Vivendas Acollidas a algún Réxime de Protección, e o Uso Transportes, Clase Servizos Públicos, Categoría 6^a (estación de servizo), nos termos, condicións e coeficientes de ponderacións establecidos na súa Memoria.

No seguinte enlace pode descargarse a documentación relativa á AOD A-3-10 ESTURÁNS POLÍGONO II (Memoria, anexo documental e planos), incluída na IOP:

http://xmu.vigo.org/docs/IOP_20190724/IOPv5_navegable_s/index.htm

Polo que antecede, consúltase ao órgano ambiental sobre o trámite ambiental aplicable ao proxecto

de urbanización da AOD A-3-10 Esturáns (polígono II)

VI.- En cumprimento do antedito informe ambiental, con data do 04.11.2019 (not. núm. 11713-2019), e mediante oficio subscrito pola Vicepresidenta desta XMU, remitíase o mesmo ao órgano ambiental da Xunta de Galicia, - isto é a Dirección Xeral de calidade ambiental e cambio climático, solicitando, o pronunciamento sobre o trámite ambiental aplicable ao proxecto de urbanización da Área de Ordenación Detallada A-3-10 ESTURÁNS POLÍGONO II, incluída no Instrumento de Medidas Provisionais de Ordenación de Vigo, previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 24 de xullo de 2019. (...)."

VII.- Neste estado da tramitación, e ante a discrepancia manifestada pola entidade promotora ao concluído no informe subscrito con data do 20.11.2019 polo xefe do servizo de urbanización de proxectos da dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático, e que consta no expediente de razón notificado con data do 21.11.2019, a dita entidade "Prazadouro, SL" solicita desta servizo de Desenvolvemento urbanístico, mediante escrito inserido no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 10.12.2019 (COD. SOL.- W403820-1929), certificación acreditativa da inclusión do ámbito urbanístico do polígono II DA AOD A-3-10 ESTURANS, dentro do Instrumento de ordenación provisional vixente no Concello de Vigo, detallando a súa calificación urbanística, excluínste de calquera uso vinculado a un centro comercial, para a súa posterior remisión á Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático da Xunta de Galicia, con referencia clave 2019/0154; En cumprimento do mesmo, con data do 11.12.2019 a arquitecta municipal da XMU adscrita ao servizo de desenvolvemento urbanístico emite informe urbanístico en atención á dilixencia subscrita polo servizo de urbanización e infraestruturas, e que foi certificado polo secretario desta XMU con data do 11.12.2019 co visto e prace da Vicepresidenta desta XMU.

VIII.- Así as cousas, mediante oficio desta Vicepresidenta da XMU do 12.12.2019 (Not. Núm. 13558-2019), e en cumprimento do peticionado pola entidade promotora- segundo o exposto no parágrafo anterior- déuselle traslado á Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático do escrito presentado por "Prazadouro, SL", con data do 02.12.2019, do proxecto de urbanización do polígono II da OAD A-3-10 Esturáns, así como a certificación do secretario desta XMU de data 11.12.2019, solicitando en cumprimento do peticionado pola propiedade que, se proceda á revisión do resolto por esa Dirección xeral en informe do 20.11.2019.

IX.- Con data do 20.01.2020 tiña entrada no rexistro desta XMU, a través do sistema ORVE, co núm. De rexistro REGAGE20e00000261030, un oficio da Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático, ao que xunta informe subscrito polo xefe do servizo de avaliación ambiental de proxectos de data 16.01.2020, que se incorpora e forma parte do presente expediente, e no que entre outras consideracións, e logo de revisar a documentación remitida pola XMU do Concello de Vigo, conclúe que, o proxecto se localiza nun ámbito de solo urbano non consolidado inserido na malla urbana da cidade de Vigo, contando con servizos e infraestruturas para satisfacer as demandas dos usos e edificacións existentes; Así mesmo o proxecto non afecta a ningún espazo natural da Rede Natura 2000 ou sometido a algún réxime de protección establecido na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e que o proxecto non está incluído en ningún dos supostos aos que se refire o artigo 7 "Ámbito de aplicación de avaliación de impacto ambiental" da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, e polo tanto, **informase que non é preciso o seu sometemento ao trámite de avaliación de impacto ambiental.**



Concello de Vigo

Do dito informe déuselle traslado á entidade promotora mediante oficio da Vicepresidenta desta XMU do 20.01.2020 (Not. Núm. 213-2020), e que consta no expediente debidamente notificada con data do 22.01.2020.

X.-Finalmente, con data do 27.01.2020 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestruturas e en cumprimento do requirido na dilixencia subscrita pola xefatura do dito servizo o 24.01.2020, emite novo informe, co seguinte teor literal, "(...)

- *El contenido documental del proyecto de urbanización del APR A-3-10 de marzo de 2013 contiene los documentos requeridos en el artículo 225 del Decreto 143/2016 de 22 de septiembre, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia.*
- *Como de todos es sabido, el instrumento de medidas provisionales de ordenación previsto en el artículo 88 de la ley 2/2017, exp. 16022/411, no permite modificar ningún parámetro de lo dispuesto en los instrumentos de planeamiento de desarrollo que tuviesen algún tipo de aprobación, por lo tanto es evidente que se cumplen las condiciones de arbolado, zonas verdes, accesibilidad, aparcamiento,...dispuestas en el proyecto, pues se trata del mismo ya aprobado (polígono II) al amparo del PXOM 2008, ya que cualquier alteración en el mismo incumpliría el objeto de tal instrumento de ordenación provisional.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II.- O Obxecto do Instrumento de ordenación provisional (IOP)

Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación num.: 1658/20141, polo que, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comporta que recobre a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993).

Deste xeito o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.

Con data do 24.07.2019 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria, prestou aprobación ao Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (en diante IOP), elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Trátase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non contén un novo PXOM definitivamente aprobado.

Neste senso, e no que aquí nos ocupa, o IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e o **polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns**), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

Deste xeito e no que aquí nos ocupa, traemos a colación o disposto no Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) adicada a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que se incorpora e forma parte da presente proposta (Anexo I) e na que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.



Concello de Vigo

Dita ordenación provisional soamente inclúe o Polígono 2, coas seguintes características

POLÍGONOS	SUPERFICIE m2	SUPERFICIE COMPUTABLE	EDIFICABILIDA DE (M2)	EDIF. PONDERADA	APROV. TIPO
POLÍGONO 2	11.227	10.126	15.428	16.129	1,593

Este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

Compre indicar, que as características e resto de parámetros descritos no “Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) – aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, resultan de obrigado cumprimento e de aplicación ao dito proxecto de urbanización, en atención á nova realidade existente, isto é, a recuperación da súa ordenación detallada, nos termos expostos nas alíneas precedentes.

III.- Proxecto de urbanización.

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización do polígono II da AOD A-3-10 Esturáns, coas características e resto de parámetros descritos no “Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) – aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro técnico de obras públicas desta XMU en informes do 24.09.2019 e 27.01.2020, respectivamente.

S.ord. 27/02/2020

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamentos e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas en data 23.11.2012 informa que "(...) Constan en el expediente informes de los departamentos municipales de tráfico, electromecánicos, jardines y limpieza en los que hacen una serie de puntualizaciones en distintos aspectos de las instalaciones de su competencia que han sido tenidas en cuenta en su totalidad y se han incluido en la segunda revisión del proyecto de noviembre de 2012. El proyecto cumple con las vigentes NNUU del PXOM, con el decreto 35/2000 de accesibilidad y la orden VIV/561/2010 de 1 de febrero sobre condiciones básicas de accesibilidad y utilización de los espacios públicos urbanizados. (...)".

Asemade, e á vista da nova documentación achegada pola propiedade, obran no expediente informes do enxeñeiro civil da Oficina de urbanización e infraestruturas de datas 24.09.2019 e 27.01.2020, que conclúen que o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informes que se incorporan ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Instrumento de ordenación provisional que contén a ordenación detallada, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos, como o que nos ocupa.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.



Concello de Vigo

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

Lémbrese que, ao se tratar dun sistema de actuación indirecto, con carácter anterior ao inicio das obras de urbanización, a promotora deberá prestar ante o municipio a garantía do exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 10 % do orzamento de execución material do proxecto.

No caso de que se pretenda simultanear as obras de edificación coas de urbanización, a propiedade deberá presentar aval polo 100% do P.E.C.

Asemade, deberanse redactar e elevar a esta XMU os estatutos dunha entidade de conservación das obras de urbanización, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto, dado que o instrumento que se desenvolve (IOP) e que recupera a ordenación prevista no PXOM/2008 conteñen a previsión da constitución dunha entidade de conservación da obra urbanizadora; entidade á que lle corresponderá -segundo o previsto nos artigos 232 e 233, en relación co artigo 322 e seguintes do RLSG- a conservación das obras de urbanización e que deberá estar aprobada e constituída con anterioridade á recepción das obras.

VI.- Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar ulteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdiccional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

VII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos incorporados ao expediente subscritos con datas do 24.09.2019 e 27.01.2020, e que lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, proponse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao *“Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns»*, instrumento urbanístico promovido pola entidade “Prazadouro, SL”, documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como “reformado” coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter inicial a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) subscrita por EAM – “Enxeñería e análise medioambiental”- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así

como ao documento nomeado “Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS”, redactado por “Urbing ingeniería”, e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, documentación toda ela que se incorpora e forma parte do presente expediente.

Segundo.- Subsecuentemente e a teor da nova documentación que se incorpora ao presente expediente e a que se presta aprobación inicial, sometese a información pública o presente proxecto de urbanización, segundo o exposto no parágrafo anterior, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia e no “Taboleiro de Edictos” da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos.

Terceiro.- Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, ao abeiro do disposto no artigo 226.4 do RLSG, os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos, de ser o caso.

Cuarto.- Advírteselle á promotora de que, con anterioridade á aprobación definitiva, poderá esixirse documento refundido da documentación aprobada coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública e dos informes sectoriais que se emitan, e requirir a “Prazadouro, SL” para que se proceda a redactar e achegar a esta XMU, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, un proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, coa advertencia de que, unha vez aprobados polo órgano municipal competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 18/02/2020, acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



Concello de Vigo

- Contrato de patrocinio publicitario para a “XXI Gran Gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2020” organizado por FARO DE VIGO S.A.U. Expte. 17866/101.
- Aprobación da addenda modificativa ao convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Pública empresarial ADIF-Alta velocidade, para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana na entorna da “Estación intermodal de Vigo”. Expte. 323/403

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(141).- CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A “XXI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2020” ORGANIZADO POR FARO DE VIGO S.A.U. EXPTE. 17866/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 21/02/2020 e o informe de fiscalización do 27/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 18/02/2020, asinado pola xefa da Área de xestión patrimonial e territorial, en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da Unidade Administrativa de Alcaldía (Resolución do 14/04/16), e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 5 de febreiro de 2020, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal en data 07.02.20, dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para a “XXI Gran gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2020” organizada polo Faro de Vigo.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.I. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores

sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 5 de febreiro de 2020.
- Memoria xustificativa do contrato de data 18 de febreiro de 2020 asinada pola Xefa da Área de xestión patrimonial e territorial, en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía, Decreto 14.04.2016.
- Prego de Prescricións técnicas particulares de data 17 de febreiro de 2020 asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación con data de 18 de febreiro de 2020.

Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2020, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2019 e publicado no perfil de contratante.

II.- Condicións definitorias do contrato

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto deste contrato e a contratación do patrocinio publicitario da organización da “XXI Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2020”, proxecto organizado polo “Faro de Vigo”.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover o deporte e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por



Concello de Vigo

razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerá polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO S.A.U., que ten a exclusiva do evento.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, na identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o deporte, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acolledora de grandes eventos deportivos.

A valoración para o patrocinio se fundamenta nunha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización da "GALA", unha serie de actuacións de promoción que van dende a difusión preliminar da Gala, que busca a máxima dinamización do acto para o seu coñecemento, ata a consulta as federacións deportivas para os nomeamentos dos deportistas, e o propio acto da Gala a desenvolver nun acto de mais de dúas horas de duración.

O proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través do xornal "FARO DE VIGO", tanto na súa edición en papel como na web, mediante a configuración de mais de 24 páxinas especiais a través das cales se difunde os actos previos como promoción da "gala" e posteriormente a celebración do acto da "gala" se edita un especial no que se difunde as fotos do acto e de forma especial todos e cada un dos mais de 50 premiados.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o proxecto do "GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2020", establécese en 75.000,00 euros (ive incluído). O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao retorno que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como expoñente deportivo de primeiro orde, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores á Gala nas diferentes insercións e contrapestacións directas, ademais de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

Ademáis, a proposta realizada polo “Faro de Vigo SAU”, fundamenta a valoración para o patrocinio en relación a dous aspectos, por un lado os custes directos de organización, e en segundo lugar en relación o valor de retorno indirecto de comunicación e difusión que ofrece a vinculación directa de este proxecto o xornal “FARO DE VIGO”, o cal no ámbito da cidade de Vigo realiza unha labor de información e comunicación no ámbito específico da cidade de Vigo, cun valor de comunicación moi importante, xa que de forma xeral, este xornal acadou na cidade de Vigo uns valores de identificación na sociedade moi altos, sendo o medio de comunicación líder na provincia de Pontevedra, cunha difusión certificada polo OJD (xaneiro-décembro 2018 de 23.705 e de 223.000 lectores de media) según 2ª revisión do ano 2019 certificada polo EGM. A forma de tramitación do expediente será ordinaria.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do iva a cantidade de 13.016,53 euros..

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) do vixente orzamento para o ano 2020.

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións da Gala, o proceso de negociación versará unicamente sobre o prezo do contrato.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custes e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U..

O único criterio de adxudicación será a redución do prezo do contrato.

II.5 Revisión de prezos

Tendo en conta que o obxecto do contrato é do patrocinio publicitario sobre o desenvolvemento do acto da Gran Gala do deportes de Vigo e a súa Comarca 2020, que terá lugar nunha data determinada entre as partes, e atendendo a que a negociación se baseará no prezo do contrato non procede ningunha revisión do prezo.

II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.7.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado coa publicidade, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U. por ter os dereitos de exclusiva.



Concello de Vigo

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución será dun mes. O cómputo do prazo se iniciará o 1 de marzo e rematará o 31 de marzo

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10 Responsable do Contrato

O responsable do Contrato será o Xefe do servizo de deportes-director deportivo.

II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

O adxudicatario, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización da gala .

O local da gala disporá dun aforo mínimo de 1.000 persoas sentadas en cadeiras.

O patrocinado asumirá a seguridade da Gala, implementando as medidas de seguridade precisas en relación ao control de aforo, así como establecendo os correspondentes plans de seguridade e evacuación.

II.12.- Condicións especiais de execución:

Establécese como condición especial de tipo social a adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

O cumprimento destas condicións especiais de execución poderán verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ao contratista a documentación que estime pertinente.

Para estes efectos, en todos os contratos, coa última factura, o contratista presentará unha memoria xustificativa deste cumprimento.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

II.13.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do

contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos.

II.14- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

III.-Proposta

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da XXI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2020, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 17 de febreiro de 2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 18 de febreiro de 2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía)



Concello de Vigo

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sesto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(142).- APROBACIÓN DA ADDENDA MODIFICATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDADE, PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS E NOVA VIABILIDADE URBANA NA ENTORNA DA “ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”. EXPTE. 323/403.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe de urbanización e infraestruturas, que di o seguinte:

“Visto o derradeiro texto negociado que se introduce como “Addenda” ao Convenio de colaboración asinado con data do 31.05.2018 entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade, coa finalidade para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana na entorna da “Estación Intermodal de Vigo”; Deste xeito e por mor de que dita “Addenda” modifica o texto do antedito convenio orixinario, contemplando novas actuacións que non figuraban no mesmo, emítase o presente informe con proposta de acordo, en cumprimento do disposto no artigo 50.2 da lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do Sector Público, para o que resultan relevantes os seguintes,

I. Antecedentes e Feitos

I.1.- Reprodúcese na súa totalidade e incorpórase ao presente, a Memoria xustificativa verbo da necesidade e oportunidade da subscripción do dito Convenio, asinada no

S.ord. 27/02/2020

expediente de razón con data do 11.11.2017, pola Técnica de Admon. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión e o Xefe do Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, dando cumprimento ao pautado no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público, e na que se xustifica polo miúdo a necesidade e oportunidade da subscripción do dito convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade paccional a subscribir; e subsecuentemente da presente e futuras "Addendas" que se incorporen ao mesmo.

I.2.- Do mesmo xeito, fanse propios, e lle serven de base á presente, os Antecedentes e fundamentación xurídica obrantes no Informe xurídico suscrito con data do 13.11.2017 pola Técnica de Admon. Xeral do servizo de planeamento e xestión conxuntamente co Secretario desta XMU, á proposta do Convenio inicial, do seguinte teor literal,

"(...) I.1.- Obxecto do convenio

Tal e como recolle literalmente o borrador do convenio negociado, o obxecto da actuación é establecer e concretar as bases da colaboración e cooperación entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, o Concello de Vigo e ADIF- Alta velocidade, para a execución e financiamento das obras relativas aos accesos viarios rodados, dende a autoestrada AP-9 e a rúa Lepanto a futura Estación Intermodal e resto dos viarios colindantes coa mesma, na cidade de Vigo.

A solución proposta, consensuada entre as administracións e entidades afectadas, está recollida na Addenda ao Proxecto de Integración Vialia Estación de Vigo e Estación de Autobuses elaborado por ADIF- Alta velocidade, o custe global estimado para a realización das actuacións, incluído IVE ascende á cantidade total de 10.721.112 €.

Dito importe estimado inclúe a obra, a realización do proxecto construtivo, a dirección facultativa, asistencias técnicas e control de seguridade e saúde; Asemade e por mor de que parte dos terreos afectados a actuación son de titularidade do Estado, ao ser a autoestrada AP-9 unha infraestrutura da Rede xeral de estradas colindante coa futura estación Intermodal de Vigo, con carácter previo á realización das obras dos accesos, será necesario redactar o Proxecto de trazado e estudo de alternativas para o desenvolvemento das obras.

I.2.- A cabida do Convenio e observacións ao mesmo

Exposto o anterior, estamos en condición de desagregar o contido do convenio proposto que, redactado dende ás areas correspondentes das administracións intervenientes, se estrutura nunha parte expositiva, dez estipulacións e dous anexos. A parte expositiva previa cita das autoridades asinantes por cada institución interveniente, dá conta das razóns de conveniencia e oportunidade que xustifican a sinatura do documento, recollendo, as competencias das entidades asinantes, os antecedentes e os obxectivos que se queren acadar coa súa sinatura.

De modo sucinto, adiantamos que a parte dispositiva do convenio regula a coñecida actuación a realizar ao abeiro do pacto, consistente na colaboración técnica e económica descrita, contendo a solución proposta de execución das obras e instalacións e balizamentos en cinco tramos polo importe referido da actuación conveniada (cláusula



Concello de Vigo

primeira) segundo os termos, prazos e contías previstas na cláusula segunda e terceira,

Os compromisos da Consellería de Vivenda e Infraestruturas (estipulación cuarta) a través da Dirección xeral de Mobilidade, contráense a actuar como promotor das obras de construción da Terminal de Autobuses integrada na estación Intermodal de Vigo e das obras dos accesos correspondentes aos tramos 2.1 (Ramal AP-9- Estación de Autobuses), tramo 1.2 (Conexión Lepanto-AP9 baixo a estación de autobuses) e 3.2 (Falso túnel Estación de Autobuses- Conexión Vialia- AP 9) que se indican no Anexo 2 que se xunta ao presente Convenio, e a cuxo íntegro contido nos remitimos ,obrigándose a licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras que se reflicten así como ao seu financiamento polas cantidades indicadas, con cargo aos orzamentos da CCAA e indicando asemade a correspondente aplicación orzamentaria, nas anualidades 2018 e 2019; Finalmente se reflicte como compromiso o financiamento das obras da actuación 5, citada nas alíneas anteriores, pola porcentaxe e cantidade máxima que na dita estipulación se dispón.

Os compromisos da Entidade pública empresarial, ADIF- Alta Velocidade se desagregan exhaustivamente na estipulación quinta, remitíndonos integramente ao nela disposto, por non incorrer en repeticións innecesarias.

No que se refire as obrigas do Concello de Vigo, relacionadas na Estipulación Sexta, estas resúmense na licitación, adxudicación e dirección das obras que nela se describen así como ao seu financiamento nas porcentaxes indicadas; Licitar, adxudicar, executar e dirixir os contratos de servizos que sexan necesarios, asumindo asemade os modificados e no seu caso as demais incidencias de contido económico na porcentaxe indicada, a asunción da titularidade, mantemento e conservación das obras a executar obxecto do convenio, unha vez recibida a comunicación formal de recepción das mesmas.

Asemade, esta administración se compromete a realización de todos os posteriores trámites que sexan necesarios para levar a cabo as expropiacións das parcelas que constan na relación de bens e dereitos afectados no proxecto integrador da Intermodal de Vigo, promovido por ADIF Alta Velocidade e tramitado ao abeiro do previsto na Lei 3/2016.

Xa por último, o Concello de Vigo, obrígase a incluír na revisión do Plan xeral en tramitación, a ordenación detallada, no ámbito do Proxecto integrador da Estación Intermodal de Vigo e a Addenda correspondente aos seus accesos e conexións viarias.

*Da descrición do contido do expediente e do exposto neste punto, apuntar que se xunta ao presente expediente, un documento concreto, nomeado “**Memoria xustificativa**” onde se analiza a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio que nos ocupa, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade paccional, en cumprimento do disposto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), un documento este, que por outra banda, precisa tamén o artigo 199.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).*

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

II.1. Competencia das entidades subscribintes

A entrada en vigor, o 31 de decembro de 2013, da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de

racionalización e sustentabilidade da administración local, (LRSAL) veu a supor unha profunda incidencia no marco competencial das administracións municipais; Na nova configuración da LRSAL, o lexislador estatal pretendeu definir con precisión as competencias a desenvolver pola administración local, para o que enumerou o listado de materias nas que os municipios terán que exercer, en todo caso, competencias propias, establecéndose unha reserva formal de lei para a súa determinación e unha serie de garantías para a súa concreción e exercicio. Nesa formulación, as entidades locais só poderán exercer competencias distintas das propias ou das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda municipal, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra administración pública, de forma que a estabilidade orzamentaria vinculará de forma directa a eliminación de duplicidades administrativas e a celebración de convenios entre administracións.

En puridade, as Entidades locais non poderán asumir competencias que non lles atribúa a lei e para as que non contén co financiamento adecuado; Pois ben o artigo 25.2 da LRBRL, coa modificación operada pola LRSAL, dispón que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias directamente relacionadas co asunto obxecto do presente informe, como infraestrutura viaria, tráfico e mobilidade, transporte colectivo urbano, e outras vinculadas tales como o medio ambiente urbano, o planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, entre outras.

Encontrámonos nesta índole ante unha actividade prestacional de interese común sobre competencias propias, e é que en servizos locais como en asuntos de interese común, o artigo 57 da LRBRL, precepto ao que a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local (LMUG) dedica a súa disposición adicional segunda, mantén que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a administración local e as administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban, iso si engadindo o precepto que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Sentado o anterior, o convenio é a canle apta para articular a cooperación ou coordinación, do que pode desprenderse unha segunda conclusión, como é a súa viabilidade xurídica a título de instrumento de colaboración aos fins pretendidos; poren, terá que axustarse ás esixencias procedimentais e substantivas establecidas polo ordenamento xurídico, as canles haberán de ser cumprimentadas, obviamente, tamén nas actuacións administrativas posteriores dirixidas a súa plena materialización e que, de seguido acometeremos.

II.II. Os convenios de cooperación ou colaboración

É sabido que entre os principios reitores da actividade das Administracións públicas ocupan un lugar preeminente os de colaboración e cooperación, constitucionalizados no artigo 103 da Constitución e positivizados polos artigos 3.1 e) e k) e 140 da LRXSP e seguintes, 86 da LPACAP e 10 e 55 da LRBRL que impulsan a coordinación das competencias das entidades



Concello de Vigo

loais entre si e, especialmente, coas das restantes administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os desas administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas, ademais – como sucede neste caso- de prestarse a cooperación e asistencia activas necesarias para o eficaz desenvolvemento das tarefas que lle corresponden. Neste eido das relacións de cooperación e colaboración entre Administracións Públicas, o convenio administrativo se constitúe en ferramenta propicia a través da cal se van encanar os referidos principios, en aras dunha adecuada realización dos intereses públicos que a aquelas están encomendados. Xa que logo, o citado artigo 57 LBRL promove ese desenvolvemento voluntario de cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as restantes administracións territoriais superiores en servizos locais ou en asuntos de interese común, baixo un negocio xurídico como o convenio administrativo, cos fins de mellorar a eficiencia pública, eliminar duplicidades e o cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

De xeito aproximado, o artigo 198 da LALG, establece que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos das súa competencia, coordinando así as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións, executar obras ou servizos, ceder e aceptar a cesión de uso de bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo.

Por outra banda, o artigo 4.1.c) do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), e nos mesmos termos o artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP- cuxa entrada en vigor terá lugar aos catro meses da súa publicación no BOE, isto é en marzo de 2018), exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as comunidades autónomas, as entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esa lei.

A utilización da figura de convenio debe supor un adecuado medio de eficiencia e xestión para a realización das actividades de utilidade pública e contribuír á súa realización, sen que se dea un carácter contractual na presente relación que promove a actividade de colaboración técnica e económica.

Sucede agora que a LRXSP (Lei 40/2015, do 1 de outubro) regula no seu Título preliminar os convenios administrativos, matizando que conforme coa liña que prevía o ditame 878 do Tribunal de Contas do 30 de novembro de 2010, cando recomendaba sistematizar o seu marco legal e tipoloxía, establecer os requisitos para a súa validez, e impoñer a obriga de remitilos ao propio Tribunal; para o artigo 47.1 deste texto legal son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O convenio en comentario, inclúese no tipo daqueles denominados como *interadministrativos*- que engloba o apartado 2.c) dese precepto- asinados entre dous ou máis administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas, caracterizándose pola consecución dun fin común que debe inspirar a cerna do negocio, núcleo dese o que logo se desenvolverán os seguintes extremos que require a norma, isto é, a eficiencia, o cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e a prevención referida que estriba en que os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos, porque nese caso a súa natureza e réxime xurídico haberá de axustarse ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

No suposto que nos ocupa, e desde a óptica da actividade de interese social a desenvolver mediante a súa sinatura, a CCAA, este Concello e a entidade ADIF- Alta Velocidade actúan en común con arranxo as súas competencias respectivas e atribucións, co que o negocio en curso afástase de connotación ningunha que o subsuma na calidade dos contratos administrativos; Non obstante non o exime da aplicación dos principios do TRLCSP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse (artigo 4.2 do TRLCSP e nos mesmos termos o artigo 4 da nova LCSP, Lei 9/2017, do 8 de novembro) e mesmo do artigo 26.1 k) do mesmo corpo legal referente á existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto.

O artigo 25 do TRLCSP, baixo a rúbrica de “liberdade de pactos” permite que nos contratos do sector público se inclúa calquera pacto, cláusula ou condición, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración; Nesta mesma liña deixamos citados os artigos 1255 do Código civil e 111 do TRRL e 310 da LALGA, resultando de aplicación, tal e como se ten indicado nas alíneas precedentes, o disposto no artigo 86.1 da LPAC.

II.III. Exame do convenio

Segundo a Cláusula primeira do texto remitido, a subscripción do pacto ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre as administracións e entidade asinantes para a execución e financiamento das obras relativas aos accesos viarios rodados, dende a autoestrada AP-9 e a rúa Lepanto á futura estación Intermodal, e resto do viario colindante coa mesma, nesta cidade de Vigo.

A cláusula segunda adícase a concretar a solución proposta mentres que a estipulación terceira se ocupa do financiamento e forma de pagamento; os compromisos e obrigas das entidades asinantes se conteñen nas cláusulas cuarta, quinta e sexta, cuxo contido se analizou polo miúdo nos antecedentes deste informe, sen que se efectúe ningunha matización a este respecto.

A actuación proxectada e a súa realización, vincúlase estritamente a compromisos de carácter económicos por parte das entidades interveniente, polo que a este respecto remitímonos ás consideracións que se efectúen no informe económico e de fiscalización, emitido polos servizos centrais desta XMU e pola Intervención xeral do Concello, e que se



incorporará ao presente expediente.

II.IV. Trámites consecutivos

A tramitación do expediente ten que axustarse ás normas xerais reguladoras dos procedementos administrativos de aplicación, referímonos exclusivamente neste apartado á tramitación correspondente á administración municipal.

A función interventora fiscalizará todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigas, constituíndo unha constante recoñecida nos artigos 213 e seguintes do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Consonte coas esixencias prevista na LOEO (artigo 7.3) e vixente lexislación de réxime local, a natureza e contido do pactado determina que as obrigas asumidas polo Concello, de se aprobar e asinar o convenio, non van afectar ao custo efectivo dos servizos que se prestan nin atinxen aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Nese mesmo senso o artigo 57.2 da LRBRL dispón en canto á subscrición do convenio que se deberá cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira; Asemade o artigo 48.5 da LRXSP require dos convenios que inclúan compromisos financeiros que sexan financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

No que se refire á aprobación do convenio, con fundamento na Disposición adicional segunda TRLCSP, neste municipio corresponde á Xunta de goberno local a competencia na materia contractual e de adxudicación de concesións, así como a xestión e alleamento do patrimonio con inclusión da súa adquisición, de modo que, en estrita puridade, correspondería tamén a este órgano colexiado a aprobación do convenio, sendo si atribución da Alcaldía a sinatura do pacto, conforme coas facultades representativas e ostensivas que posúe con base no artigo 124.1.4.ñ) LBRL.

Noutra orde de cousas, e por semellanza co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, unha vez aprobado o convenio, poderá dispoñerse a remisión dun extracto do mesmo ao boletín oficial como dación da conta do mesmo no cuadrimestre posterior.

Indícase asemade que o convenio debe remitirse para a súa constancia, coordinación e control debido, ao libro rexistro deste tipo de negocios xurídicos, existente neste Concello.

Consonte co disposto no artigo 53 da LRXSP, dentro dos tres meses seguintes á subscrición de calquera convenio, cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros, deberá remitirse de forma telemática ao Tribunal de contas copia do documento de formalización e a memoria xustificativa sobre o impacto económico ao que se refire o artigo 50 do mesmo corpo legal; Nos mesmos termos se pronuncia a Resolución de 14.06.2017 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno do 30.05.2017, sobre modificación da Instrución xeral relativa á remisión telemática do 28.11.2013.

CONCLUSIÓN

Sentado o anterior, o proxecto de convenio sometido a este pronunciamento encaixa dentro das competencias que a lexislación de réxime local atribúe ao Concello, constituíndo instrumento e canle axeitada para regular o réxime xurídico da actuación, cuxa aprobación corresponde, no que atinxe a esta entidade, a Xunta de goberno local, consonte cos fundamentos xurídicos expostos; o procedemento para a aprobación e a súa posterior sinatura debe seguir a tramitación sinalada. (..)”

Así como o contido da proposta asinada o 16.11.2017 polo Xefe dos servizos centrais e o Xerente desta XMU, e que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar con data do 23.11.2017, nos seguintes termos,

“(...) 1º) Aprobar o texto do convenio, que figura como anexo a esta proposta, co seguinte título: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DE LA XUNTA DE GALICIA, EL CONCELLO DE VIGO Y LA ENTIDAD EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDAD, PARA LA EJECUCION DE LAS OBRAS DE LOS ACCESOS Y NUEVA VIALIDAD URBANA DEL ENTORNO DE LA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”.

2º) Exceptuar a aplicación das porcentaxes establecidas polo artigo 174.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, elevándoas de forma que permita a contemplar nos orzamentos futuros 2018, 2019 e 2020 as seguintes consignacións máximas:

Anualidade	ESTADO DE GASTOS (capítulo 6)	ESTADO DE INGRESOS (capítulo 7)	ACHEGA NETA DO CONCELLO
2018	346.629,12 €	20.000,00 €	326.629,12 €
2019	2.048.055,50 €	1.050.000,00 €	998.055,50 €
2020	1.903.843,38 €	905.788,00 €	998.055,38 €
TOTAL =	4.298.528,00 €	1.975.788,00 €	2.322.740,00 €

I.3.- Con data do 03.08.2019 a Vicepresidenta desta XMU ditou Resolución, pola que si dispuxo, entre outros pronunciamentos, *Incoar o expediente para a tramitación da “Addenda modificativa o convenio suscrito con data 31 de maio de 2018 entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial ADIF-ALTA VELOCIDAD para a execución dos accesos e a nova vialidade urbana do entorno da estación intermodal de Vigo.* Resolución da que tomou coñecemento o Consello desta XMU na sesión que tivo lugar o 03.09.2019, no exercicio das súas labores de control , que estatutariamente ten encomendadas.

I.4.- Así as cousas, e previas as negociacións oportunas, con data do 12.02.2020 recibíase nesta XMU o derradeiro texto negociado entre as partes e que se introduce como “Addenda” ao Convenio de colaboración asinado con data do 31.05.2018 entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade pública empresarial ADIF- Alta Velocidade, -e cuxo texto se introduce como Anexo á presente.



Concello de Vigo

I.5.- Elevado o mesmo a informe do servizo de urbanización e infraestruturas, con data do 21.01.2020 o enxeñeiro xefe do servizo de urbanización e infraestruturas emite informe favorable á Addenda negociada, co seguinte teor literal,

“(..) Con fecha 31 de maio de 2018 se firma el Convenio de colaboración entre la Conselleria de Infraestructuras y Vivienda de la Xunta de Galicia, el Concello de Vigo y la Entidad Empresarial ADIF – Alta Velocidad, para la ejecución de los accesos y nueva vialidad urbana del entorno de la Estación Intermodal de Vigo.

En reunión de la Comisión de Seguimiento de fecha 5 de novembro de 2018 se acordó la redacción de una Adenda al citado Convenio, para incluir los siguientes acuerdos:

- Dada la imposibilidad de iniciar las obras en el año 2018 se acuerda, tal y como figura en las funciones de la Comisión de Seguimiento, contenidas en la estipulación séptima del convenio, el traslado de las anualidades de 2018 al año 2020.*
- Se actualizarán los costes económicos de las actuaciones que comprenden la ejecución de los accesos y la nueva vialidad urbana del entorno de la Estación Intermodal de Vigo de acuerdo con el presupuesto definitivo de los proyectos de ejecución. Se realizará una programación de anualidades acorde a la planificación de las obras.*
- El Concello de Vigo licitará conjuntamente las obras de accesos que tienen encomendadas en el Convenio el propio Concello y Adif Alta Velocidad, así como las asistencias técnicas de dirección facultativa correspondientes.*
- Se contratará una asistencia técnica que coordine las diferentes obras de accesos y se financiarán en la misma proporción establecida para las actuaciones comunes en las estipulaciones Cuarta, Quinta y Sexta del Convenio de 31 de maio de 2018.*
- El Concello de Vigo redactará el proyecto y ejecutará la obra de remodelación de la Plaza de la Estación. Su financiación se realizará en la misma proporción establecida para las actuaciones comunes en las estipulaciones Cuarta, Quinta y Sexta del Convenio de 31 de maio de 2018.*

Una nueva reunión de la Comisión de Seguimiento el día 19 de Junio de 2019 tomó los siguientes acuerdos

- La asistencia técnica para la coordinación de todas las actuaciones que se integran en la obra de la estación intermodal será contratada por ADIF-Alta Velocidad.*
- La redacción del proyecto y la ejecución de las obras de la actuación “Núcleo de comunicaciones intermodal” se contratará por la Xunta y la redacción del proyecto y las obras de la actuación “Urbanización de los espacios intersticiales” se contratará por el Concello.*
- De acuerdo con las actuales estimaciones presupuestarias, la parte total que corresponde financiar a Adif – Alta velocidad de la actuación 1 Ramal de conexión Estación de Autobuses con la AP-9 es de 2.683.760,42 € (sin incluir la parte*

proporcional de asistencias técnicas para el seguimiento de la obra), cifra que representa el 17,68% del total del Proyecto de la Estación de Autobuses licitado y la correspondiente a la Xunta es de 82,32% de ese proyecto.

- Se acuerda, tal y como figura en las funciones de la Comisión de Seguimiento, contenidas en la estipulación séptima del convenio, actualizar las anualidades de acuerdo con la programación más actualizada de las obras.*
- Se actualizarán los costes económicos de las actuaciones que comprenden la ejecución de los accesos y la nueva vialidad urbana del entorno de la Estación Intermodal de Vigo de acuerdo con el presupuesto definitivo de los proyectos de ejecución incluyendo las actuaciones consensuadas.*

Por último el 24 de Julio de 2019, en una nueva reunión de la Comisión de Seguimiento se acordó:

- Se aceptan los alcances de los tres proyectos, asumiendo la AT directamente a su cargo quien licita y ejecuta la obra.*
- Establecer como forma de pago entre administraciones la siguiente: La Xunta adelantará la anualidad correspondiente al Concello y éste pagará al contratista su parte y la de la Xunta. ADIF-Alta Velocidad pagará su parte directamente al contratista contra factura.*
- La justificación de las certificaciones antes del 30 de septiembre del año siguiente se aplicará a todas las administraciones.*
- Se presta conformidad al perfil del responsable de la AT de coordinación de los proyectos de los accesos.*
- La AT de coordinación de los proyectos para la modificación de los accesos se contratará por ADIF-Alta Velocidad juntamente con otra AT global que está tramitando para la coordinación de sus propias obras.*

Situación Actual.-

A la fecha de este informe se ha remitido por parte de ADIF Alta Velocidad un borrador de Adenda que incluye todos los acuerdos antes citados.

En concreto y con respecto a la Remodelación de la Plaza de la Estación, su Proyecto fué contratado por el Concello de Vigo al equipo FQP Fraga, G. Quijada, Portoles y Asociados SLP con un presupuesto de 1.685.885,92€.

De conformidad con lo acordado, el pasado 26 de noviembre el avance detallado de ese mismo proyecto fue enviado para recabar su aceptación a la Xunta de Galicia y ADIF Alta Velocidad.

Dicho documento ha sido remitido al Concello de Vigo el pasado día 20 de Diciembre para su revisión.



Concello de Vigo

De la misma forma, y sobre el Proyecto de Urbanización de los Espacios Intersticiales, el Concello de Vigo contrató los servicios de los Arquitectos Marcos Plazuelo Lopez, Arturo Dapena Barros y del Arquitecto Técnico Diego Barreiro Garcia, para que se encarguen de su redacción, con un presupuesto de 1.227.651,68€

A la fecha de hoy, y tras varias vicisitudes derivadas del encaje con los accesos al Centro Comercial, con este propio edificio, y con la solución del Nudo Intermodal, cuestiones prácticamente cerradas, el documento técnico completo, una primera versión ya ha sido revisada por el Concello de Vigo, se presentará en los próximos días.

En ambos casos el Concello de Vigo se hace cargo del coste de redacción de los proyectos y de las asistencias técnicas para su ejecución.

Finalmente con respecto al resto de compromisos incluidos en la Adenda que se informa, ADIF-Alta Velocidad ha contratado la Asistencia Técnica de Coordinación de las obras, y la Xunta de Galicia se encuentra en este momento redactando el proyecto del Nucleo de Comunicaciones Intermodal.

Conclusión.-

Por lo que respecta a los compromisos del Concello de Vigo, y que se derivan tanto del Convenio que nos ocupa, como de los distintos acuerdos de la Comisión de Seguimiento, entiendo alcanzados los mismos y en situación de concluirlos con la finalidad que se persigue, prestando informe favorable a la Adenda al Convenio de colaboración entre la Consellería de Infraestructuras y Vivienda de la Xunta de Galicia, el Concello de Vigo y la Entidad Empresarial ADIF – Alta Velocidad, para la ejecución de los accesos y nueva vialidad urbana del entorno de la Estación Intermodal de Vigo.(...)”.

II.- A teor do exposto, e da normativa de pertinente aplicación, efectúase a seguinte **Valoración/ Fundamentación Xurídica:**

II.1.- Axuizamento do Impacto económico e financiamento dos traballos obxecto da addenda ao convenio

O custe total das actuacións obxecto desta addenda ao convenio ascende a 21.403.613,94 €, o cal supón un incremento respecto do convenio que se financiará segundo o seguinte reparto:

ORGANISMO	COSTE SEGÚN CONVENIO	COSTE SEGÚN ADENDA	INCREMENTO
ADIF-Alta Velocidad	6.699.392,62€	14.578.626,92€	+ 7.879.234,30€
Consellería de Infraestructuras e Mobilidade	1.698.679,18€	3.414.464,60 €	+ 1.715.785,42€
Concello de Vigo	2.322.740,20€	3.407.087,70€	+ 1.084.347,50€

O Concello de Vigo consignou o Importe necesario da anualidade do ano 2020 na aplicación orzamentaria 1532.6090090, proxecto 19153290 dos vixentes orzamentos municipais. Figura previsto, e por tanto o Concello comprométese a dotar o total do crédito necesario na anualidade 2021.

En relación coas obrigas imputadas integramente ao Concello de Vigo e non cuantificadas na addenda (cláusula 8ª:redacción do proxecto e das asistencias técnicas do proxecto e execución da praza de acceso á estación e cláusula 11ª, urbanización de espazo intersticiais: redacción de proxecto e das asistencias técnicas) cabe indicar o seguinte:

A redacción dos proxectos xa foi contratada no marco dos seguintes expedientes:

- Exp. 139/441: “Remodelación da contorna da rúa Baixada á Estación con cargo á aplicación 1532.2270600”
- Exp.: 355/441: “Redacción do proxecto das obras de urbanización de espazos intersticiais na Estación Intermodal de Vigo” con cargo á aplicación 1532.609.0090

Para as asistencias técnicas necesarios, no seu caso, das devanditas obras existe crédito adecuado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación na Área de Gasto 1532, no concepto 227 da clasificación económica (traballos realizados por outras empresas e profesionais)

En canto aos gastos correntes que se poden derivar con posterioridade á realización das obras cabe indicar que os mantementos aos que se compromete o Concello de Vigo en virtude da addenda son susceptibles de ser incluído no marco dos actuais contratos de mantemento (vías, túneles, etc) tendo os mesmos n un impacto económico menor dos ingresos que suporá a actuación.

Así o conxunto de actuacións derivadas da execución do convenio, están a xustificar un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que suporá un aumento da recadación de ingresos procedentes de tributos tales como o Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) e o Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) e en consecuencia, este investimento conformase en moitos aspectos como un instrumento xerador de aforro, contribuíndo, tanto a potenciación económica do entorno, como ao crecemento e modernización da economía en xeral, mellorando a produtividade e competitividade e permitindo o desenvolvemento de novos modelos para a mellora da cidade.

II.2.- Órgano competente

De conformidade coa normativa vixente, e do previsto pola base 40ª das Bases de execución orzamentaria, o convenio será suscrito polo Alcalde-Presidente. Previo informe de fiscalización, pola súa transcendencia económica, o texto deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da Xerencia.

Deste xeito, por canto antecede, e servindo o presente de informe xurídico favorable ao derradeiro texto da “Addenda” ao convenio suscrito con data do 31.05.2018, propónse á Xunta de goberno local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da XMU, a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Vigo

Aprobar o texto da Addenda ao convenio, que figura como anexo a esta proposta, co seguinte título: ADENDA MODIFICATIVA AL CONVENIO SUSCRITO CON FECHA 31 DE maio DE 2018 ENTRE LA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DE LA XUNTA DE GALICIA, EL CONCELLO DE VIGO Y LA ENTIDAD PÚBLICA EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDAD, PARA LA EJECUCIÓN DE LOS ACCESOS Y NUEVA VIALIDAD URBANA DEL ENTORNO DE LA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO.”

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 26/02/2020, acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

ADDENDA MODIFICATIVA AO CONVENIO SUBSCRITO CON DATA DO 31 DE MAIO DE 2018 ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDADE, PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS E NOVA VIALIDADE URBANA DO ENTORNO DA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO.

En.....a...de..... de 2020

REUNIDOS

Dna. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo designación efectuada polo Decreto 95/2018, do 26 de setembro (Diario Oficial de Galicia núm. 185, de 27 de setembro de 2018) e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

D. Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo, intervén no seu nome e en representación deste, en exercicio das atribucións que lle confire o artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local.

Dna. Isabel Pardo de Vera Posada, Presidenta da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade, que no sucesivo se denominará ADIF-Alta Velocidade, en virtude do Real Decreto 735/2018, do 29 de xuño (BOE nº 158, do 30 de xuño de 2018), actuando en nome e representación de ADIF-Alta Velocidade, no exercizo das facultades que ten conferidas polo artigo 23.1 e 2.a) do seu Estatuto, aprobado mediante Real Decreto 1044/2013, do 27 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Entidade Pública Empresarial ADIF-Alta Velocidade.

S.ord. 27/02/2020

Os reunidos recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para formalizar a presente Addenda Modificativa ao Convenio subscrito o 31 de maio de 2018, en nome e representación das súas respectivas entidades e a cuxo efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO. - Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en función do previsto no artigo 148.5 da Constitución Española e no artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ostenta competencias exclusivas en materia de ferrocarrís e estrada, non incorporadas á rede do Estado, cuxo itinerario se desenvolve íntegramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos términos, o transporte desenvolto por estes medios ou por cable.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda (actual Consellería de Infraestruturas e Mobilidade), de conformidade co previsto no Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da dita Consellería e no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiación e ordenación do transporte. En concreto, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, o estudo, análise e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sostenible, así como a planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunidade autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as.

SEGUNDO. - Que o **Concello de Vigo**, con NIF P-3605700H, é titular de competencias en materia de ordenación do tráfico urbano, do transporte urbano, de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística e de realización de actividades complementarias das propias das outras Administracións Públicas (artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local)

TERCEIRO.- Que a **entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade**, con NIF Q-2802152E, é un organismo público, adscrito ao Ministerio de Fomento (actual Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) e que goza de personalidade xurídica propia, así como plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e patrimonio propio, e ríxese polo establecido na Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e as súas normas de desenvolvemente, no seu Estatuto, aprobado polo Real Decreto 1.044/2013, e na lexislación orzamentaria e outras normas de aplicación.

No exercizo das súas funcións, ADIF-Alta Velocidade actúa con autonomía de xestión, tendo en conta, en todo caso, a garantía do interese público, a satisfacción das necesidades sociais coa máxima calidade, a seguridade dos usuarios e a eficacia global do sistema ferroviario, tendo, entre outras competencias, as seguintes:

- A administración das infraestruturas ferroviarias da súa titularidade, entre as que se atopa a Estación de Vigo-Urzaiz.



Concello de Vigo

- O control e a inspección das infraestruturas ferroviarias que administra, das súas zonas de protección e da circulación ferroviaria que sobre elas se produce.

CUARTO. - Que ADIF-Alta Velocidade, está lexitimado para proceder á suscripción da presente Addenda, ao amparo do establecido no artigo 4.1 do Real Decreto 1044/2013, do 27 de decembro, xa citado, que faculta expresamente a esta entidade pública empresarial para poder celebrar acordos coa Administración Xeral do Estado, con outras Administracións Públicas, así como con calquera outra entidade pública ou privada.

QUINTO. - Que con data 31 de maio de 2018, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, (actual Consellería de Infraestruturas e Mobilidade), da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e ADIF- Alta Velocidade, subscribiron un "Convenio para a execución dos accesos e nova vialidade urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo", co obxecto de establecer e concretar a execución e financiación das obras relativas aos accesos viarios rodados, dende a Autopista AP-9 e a Rúa Lepanto á futura Estación Intermodal e resto de vialidade colindante coa mesma.

SEXTO. - Que o citado Convenio contempla na Cláusula Segunda, unha proposta de actuacións, que a continuación se relacionan, cun coste final estimado en **10.721.112 € (IVE incluído)**, que estará afectado, en xeral, polas incidencias co contido económico que poideran producirse. Este importe recolle as actuacións resumidas na seguinte táboa e a redacción do proxecto de Trazado e estudo de alternativas que alcanza a cifra de **72.600 € (IVE incluído)**:

Nº	Denominación	Lonxitud e {m}	Coste Estimado (OLB + IVE)
1	Ramal de conexión Estación de Autobuses coa AP-9	550	3.691.548,00
2	Túnel Salida rúa Lepanto á AP-9	110	2.613.033,15
3	Conexión da AP-9 co Centro-Vialia	1.020	2.614.022,20
4	Demolición do Viaducto R/ Lepanto	160	874.782,30
5	Instalacións e balizamentos		855.127,35

Na mesma cláusula se establece que, si unha vez redactados os Proxectos correspondentes se superase o coste de execución dalgunha das cinco actuacións citadas, tratarase esta cuestión na Comisión de Seguimento prevista na Cláusula Sétima do Convenio, que, entre outras funcións, acordará os reaxustes de anualidades necesarios para adecuar a aportación financeira ao ritmo de execución das obras e o tratamento dos incrementos dos costes máximos das actuacións reflectidas na Cláusula Segunda do Convenio, podendo establecer unha Addenda ao mesmo na que se acorde a financiación das variacións nos costes realizándose en todo caso na mesma proporción establecida no referido Convenio segundo a actuación de que se trate.

SÉTIMO. - Que o "Proxecto Construtivo de Accesos a Estación Intermodal e VIALIA VIGO dende a autopista AP-9 (Remodelación do enlace do p.k. 5+000 da autopista AP-9V. Vigo

(Pontevedra)" foi redactado pola empresa PROYFE, S.L. que, á súa vez, redactou o Estudo de Alternativas e o Proxecto de trazado.

Durante a redacción do Proxecto Constructivo por PROYFE, S.L. púxose de manifesto a necesidade de incrementar o orzamento previsto e recollido no Convenio como consecuencia de:

- As prescripcíons realizadas pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para a conformidade ao proxecto de trazado recollidas no informe do 18 de setembro de 2018, polo cal se informaba favorablemente no referente ás afeccións do Proxecto Integrado Centro Vialía, Estación de Vigo e Terminal de Autobuses.*
- A aceptación da recomendación realizada polo Concello de Vigo e recollida no seu Informe de Servizos e Equipamentos Requeridos para o Novo Túnel de Acceso á AP-9 dende R/Lepanto e Acceso de AP-9 á Estación Intermodal, referente ao material do revestimento interior dos túneles con paneles de acero vitrificado, dado as súas ventaxas técnicas, construtivas e de mantemento, respecto ao material inicialmente previsto.*
- A adaptación das medicións recollidas no proxecto de trazado á realidade xeométrica e de contorno da obra.*

OITAVO. - *Que na reunión da Comisión de Seguimento celebrada con data do 5 de novembro de 2018, tomaronse os seguintes acordos, que se formalizan coa presente addenda:*

- Actualización dos costes económicos das cinco actuacións, que comprenden a execución dos accesos e a nova vialidade urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo de acordo co orzamento definitivo do proxecto de execución e reaxuste das anualidades de acordo coa planificación das obras.*
- Licitación conxunta por parte do Concello de Vigo e de ADIF-Alta Velocidade das obras de accesos que teñen encomendadas no Convenio, así como das asistencias técnicas de dirección facultativa.*
- Contratación de asistencia técnica que coordine as diferentes obras de accesos.*
- Redactar o proxecto e executar a obra de remodelación da Praza da Estación non incluída en ningunha das actuacións do convenio.*

NOVENO. - *Que na reunión da Comisión de Seguimento celebrada con data do 19 de xuño de 2019, tomáronse os seguintes acordos, que se formalizan coa presente addenda:*

- Actualizaránse os costes económicos das actuacións que comprenden a execución dos accesos e a nova vialidade urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo de acordo co orzamento definitivo dos proxectos de execución incluíndo as actuacións consensuadas.*
- A asistencia técnica para a coordinación de tódalas actuacións que se integran na obra da estación intermodal será contratada por ADIF-Alta Velocidade.*



Concello de Vigo

- *Incluiráse a redacción do proxecto e a execución das obras da actuación “Núcleo de comunicacións intermodal”. Este proxecto non está incluído en ningunha das actuacións do convenio. Ambos serán contratados pola Xunta.*
- *Incluiráse a redacción do proxecto e a execución das obras e as da actuación “Urbanización dos espazos intersticiais”. Este proxecto non está incluído en ningunha das actuacións do convenio. Ambos serán contratados polo Concello.*
- *Acórdase, tal e como figura nas funcións da Comisión de Seguimento, contidas na estipulación sétima do convenio, actualizar as anualidades de acordo coa programación máis actualizada das obras.*
- *Todas estas actuacións comúns financiaránse na proporción que se establece na nova redacción que, a través da presente Addenda modificativa, se realiza das Cláusulas Cuarta, Quinta e Sexta do Convenio do 31 de maio de 2018.*

As novas actuacións relacionadas nos puntos anteriores quedan grafiadas no plano correspondente do Anexo 2 da presente Addenda.

Dado que existen novas actuacións anteriores que non figuraban contempladas no Convenio suscrito con data do 31 de maio de 2018 e se modifican as existentes, resulta necesaria a firma dunha Addenda Modificativa para o correcto desenvolvemento das mesmas.

En virtude de todo o anteriormente exposto e do interés xeral que comportan as actuacións previstas, as partes acordan subscribir a presente Addenda Modificativa, con suxeción ao disposto nas seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA. - obxecto da Addenda Modificativa.

O obxecto da presente Addenda Modificativa ao Convenio para a execución dos accesos e nova vialidade urbana do entorno da estación intermodal de Vigo suscrito, o 31 de maio de 2018, entre a Consellería de Infraestrutura da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e ADIF-Alta Velocidade, responde, dunha parte, ao establecemento das novas condicións e términos que deberán rexir os pactos alcanzados polas partes, e doutra, plasmar as novas actuacións e compromisos económicos para a consecución dos obxetivos derivados dos acordos adquiridos dende a suscripción do dito documento ata a actualidade.

SEGUNDA. - Modificación

Son obxecto de modificación as seguintes cláusulas do convenio suscrito o día 31 de maio de 2018.

A cláusula SEGUNDA. – “Solución proposta “– queda redactada do seguinte modo:

A solución a desenvolver está recollida no Proxecto de Integración Vialia da Estación de Vigo e Estación de Autobuses elaborado por ADIF-Alta Velocidade. A dita solución foi consensuada entre as administracións e entidades afectadas.

A dita solución divídese en catro tramos, grafiados no plano do Anexo I do Convenio, e unha quinta actuación de instalacións e balizamento.

Posto que o importe estimado no convenio para as actuacións variou, é necesario sumarlle 507.072,00€ que figuran no convenio, en concepto de asistencia técnica máis 315.324,00€, unha vez actualizado o importe do coste das obras no proxecto de execución. Por elo o coste actualizado para as asistencias técnicas, incluíndo o importe do proxecto constructivo ascende a **822.396,00 € (IVE incluído)**.

Por elo o coste global unha vez redistribuído e atendendo soamente, ás actuacións recollidas o Proxecto Constructivo de Accesos á Estación Intermodal e VIALIA VIGO dende a autopista AP-9 (Remodelación do enlace do p.k. 5+000 da autopista AP-9V. Vigo (Pontevedra) é o seguinte:

Nº	Denominación	Coste Estimado (OBL + IVE)
1	Ramal de conexión Estación de Autobuses coa AP-9	4.834.741,54 €
2	Túnel Salida rúa Lepanto á AP-9	3.985.652,41 €
3	Conexión da AP-9 co Centro-Vialia	5.554.639,51€
4	Demolición do Viaducto R/ Lepanto	106.379,68€
5	Instalacións e balizamentos	2.788.902,93 €

O orzamento base de licitación (OBL) das obras dos accesos á Estación Intermodal e Vialia de Vigo estimouse en **17.270.316,07 € (IVE incluído)**.

O dito importe, estimado, inclúe a obra, a redacción do proxecto constructivo, a dirección facultativa, asistencias técnicas e coordinación de seguridade e saúde.

Con carácter previo á realización das obras dos accesos, é necesario redactar o Proxecto de trazado e Estudo de Alternativas para o desenvolvemento das obras, cuxo importe estimouse en SETENTA E DOUS MIL SEISCENTOS EUROS, **72.600,00 € (IVE incluído)**.

Polo que o coste final das actuacións, incluído o proxecto constructivo, estímase que ascende á cantidade de **17.342.916,07 € (IVE incluído)**, e virá afectado, no seu caso, polas concrecións de prezos nos proxectos correspondentes, as baixas de adxudicación de obra, as revisións de prezos, modificados, complementarios, e, en xeral, polas incidencias, con contido económico, que poidan producirse no desenvolvemento dos contratos, sempre que estean debidamente xustificadas.



Concello de Vigo

A cláusula TERCEIRA “Financiación e Forma de pago” queda redactada do seguinte modo:

A financiación das actuacións da Cláusula Segunda, e das novas actuacións recollidas nas Cláusulas Oitava, Novena, Décima e Décimo Primeira serán asumidas por ADIF-Alta Velocidade, pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e polo Concello de Vigo, nas proporcións e coa distribución de costes recollidas nas Cláusulas terceira a décima do Convenio, conforme á redacción que, de éstas, se establece a través da presente addenda, e ata o máximo seguinte:

ORGANISMO	Coste estimado (€ IVE incluído) Segundo Addenda
ADIF-Alta Velocidade	14.578.626,92 €
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	3.414.464,60 €
Concello de Vigo	3.407.087,70 €
TOTAL	21.400.179,22 €

Os ditos importes, desglánsanse de forma pormenorizada, en función das obras a executar conforme ao cadro que se incorpora como Anexo 1 da presente Addenda, e que se resume a continuación:

A ct. n°	Denominación	ADIF-Alta Velocidade	Xunta de Galicia	Concello de Vigo
1	Ramal de conexión Estación de Autobuses coa AP-9	2.800.179,54 €	2.004.075,97 €	-
2	Túnel Salida rúa Lepanto á AP-9	1.980.260,21 €	-	1.980.260,21 €
3	Conexión da AP-9 co Centro-Vialia	5.519.614,08 €	-	-
4	Demolición do Viaducto R/ Lepanto	-	-	105.708,88 €
5	Instalacións e balizamentos	1.662.759,82 €	572.393,39 €	536.163,96 €
6	Asistencia técnica de coordinación de obras	145.967,77	50.248,38	47.067,93
7	Praza da Estación	1.011.513,01 €	348.206,25 €	326.166,66 €
8	Núcleo de comunicacións intermodal	540.254,98 €	185.978,98 €	174.207,51 €
9	Urbanización de espazos intersticiais	736.577,50 €	253.561,63 €	237.512,54 €
	Proxectos de accesos	181.500,00 €	-	-

A financiación será realizada con cargo ás seguintes partidas orzamentarias:

- ADIF – Alta Velocidade: orzamentos da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade, na Partida Orzamentaria 2010 EIXO ATLÁNTICO.
- Concello de Vigo: orzamentos xerais do Concello na aplicación orzamentaria 1532.6090090 “Fondos Propios Acceso Estación AVE”.
- Xunta de Galicia: orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Act. nº	Denominación	Aplicación orzamentaria	Tipo financiación
1	Ramal de conexión Estación de Autobuses coa AP-9	08 02 512A 600.0	Susceptible de financiación FEDER 80/20
5	Instalacións e balizamentos	08 02 512A 760.0	Susceptible de financiación FEDER 80/20
6	Asistencia técnica de coordinación de obras	08 02 512A 600.0	Fondos propios
7	Praza da Estación	08 02 512A 760.0	Susceptible de financiación FEDER 80/20
8	Núcleo de comunicacións intermodal	08 02 512A 600.0	Susceptible de financiación FEDER 80/20
9	Urbanización de espacios intersticiais	08 02 512A 760.0	Susceptible de financiación FEDER 80/20

A cláusula CUARTA “Compromisos da Consellería de Infraestrutura e Mobilidade” queda redactada do seguinte modo:

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade actuará como promotor das obras de construción da Terminal de Autobuses integrada na estación Intermodal de Vigo e das obras dos accesos correspondentes aos tramos 2.1, 1.2 e 3.2 indicados na tabla incluída no Anexo 1 da presente addenda.

Para o cal se obriga a:

- 1) Licitación, adxudicación, execución e dirección das obras (e as asistencias técnicas necesarias para a súa execución) da Conexión da Estación de Autobuses coa AP 9. Tramo 2.1 Ramal AP-9-Estación de Autobuses, Tramo 1.2 Conexión Lepanto-AP 9 baixo a estación de autobuses, e Tramo 3.2 Falso túnel Estación de Autobuses-Conexión Vialia-AP 9, para o cal destinará a cantidade de 2.004.075,97 € (IVE incluído).



Concello de Vigo

Estas actuacións atópanse incluídas dentro do Proxecto de execución “Terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo” e serán cofinanciados pola Consellería e por ADIF Alta Velocidade de acordo ás seguintes porcentaxes:

- Consellería 41,7146%
- ADIF-Alta Velocidade: 58,2854%

A Consellería licitará, adxudicará, executará e dirixirá todas estas actuacións xunto co resto do Proxecto da Estación de Autobuses.

Tamén asumirá, o 41,7146% dos modificados, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan durante a execución das obras, sempre que respeten o recollido na lei de contratos e que non se supere a cantidade máxima establecida.

- 2) *Financiar a execución relativa ás obras da actuación 5, citada na Cláusula Segunda “Proxecto de Instalacións e balizamentos” nun **20,6542%** do orzamento das obras; para o cal destinará a cantidade de **572.393,39 € (IVE incluído)**.*

*Asímesmo asumirá o **20,6542%** dos modificados, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan na relación coa actuación 5 recollido no ANEXO 1 desta Addenda sempre que estean debidamente xustificados e que non se supere a cantidade máxima establecida.*

A cláusula QUINTA “Compromisos ADIF-Alta Velocidade” queda redactada do seguinte modo

A entidade pública ADIF-Alta Velocidade comprométese a:

- 1) *Redactar, supervisar e aprobar, en coordinación coa Xunta de Galicia e/o Concello de Vigo, así como a financiar, a redacción do “Proxecto de trazado e estudo de alternativas” nun 100% do orzamento, para o cal destinará a cantidade de 72.600,00€, (IVE incluído), así como o proxecto necesario para a execución nunha cantidade de 108.900,00€ (IVE incluído), a fin de asegurar unha adecuada accesibilidade ao conxunto da dita Estación.*

O deseño destes accesos será acorde ao previsto nos proxectos que se redacten por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a execución da nova terminal de autobuses e aos correspondentes ao Centro VIALIA da estación de ferrocarril de Vigo-Urzaiz. O proxecto deberá de contar coa conformidade das demais entidades asinantes da presente Addenda polo que unha vez redactado, e antes da súa aprobación definitiva, remitirase para a súa conformidade.

Os ditos proxectos entregaránse á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e ao Concello de Vigo unha vez finalizados, para proceder á licitación das obras que sexan a cargo de cada Administración.

- 2) *Financiar as obras (e as asistencias técnicas necesarias para a súa execución) da*

Conexión da Estación de Autobuses coa AP 9. Tramo 2.1 Ramal AP-9-Estación de Autobuses. Tramo 2.1 Ramal AP-9-Estación de Autobuses, Tramo 1.2 Conexión Lepanto-AP 9 baixo a estación de autobuses, e Tramo 3.2 Falso túnel Estación de Autobuses-Conexión Vialia-AP 9, para o cal destinará a cantidade de 2.800.179,54 € (IVE incluído).

Estas actuacións atópanse incluídas dentro do Proxecto de execución "Terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo" e serán cofinanciados pola Consellería e por ADIF Alta Velocidade de acordo ás seguintes porcentaxes:

- Consellería 41,7146%
- ADIF-Alta Velocidade: 58,2854%

A Consellería licitará, adxudicará, executará e dirixirá estas actuacións xunto co resto do Proxecto da Estación de Autobuses.

Tamén asumirá o 58,2854% dos modificados, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan durante a execución das obras, sempre que respeten o recollido na lei de contratos e non se supere a cantidade máxima establecida.

- 3) Financiar a execución relativa ás obras do "Proxecto de construción de Conexión Túnel Lepanto-AP 9. Tramo 1.1 Lepanto-Estación de Autobuses" nun 50% do orzamento das obras, para o cal destinará a cantidade de **1.980.260,21 € (IVE incluído)**.
- 4) Financiar o 100% da execución relativa ás obras do Proxecto de construción de Conexión Vialia - AP 9. Tramo 3.1 Ampliación ramal AP 9, Tramo 3.3 Pérgola, Tramo 3.4 Vial conexión AP 9 dende aparcamento e Tramo 1.3 Vial conexión AP 9 dende túnel, para o cal destinará a cantidade de **5.519.614,08 € (IVE incluído)**,
- 5) Financiar a execución relativa ás obras da actuación 5, citada na Cláusula Segunda "Proxecto de Instalacións e balizamentos" nun **59,9989%** do orzamento das obras, para o cal destinará a cantidade de **1.662.759,82 € (IVE incluído)**.
- 6) Tamén asumirá o **50%** dos modificados, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan durante a execución das obras do "Proxecto de construción de Conexión Túnel Lepanto-AP 9. Tramo 1.1 Lepanto-Estación de Autobuses e dos servizos afectos a elas, sempre que estean debidamente xustificadas e que non se supere a cantidade máxima establecida.
- 7) Asímesmo asumirá o **59,9989%** dos modificados, no seu caso, e demais incidencias co contido económico que xurdan en relación coa actuación 5 recollida na táboa do ANEXO 1 desta Addenda sempre que estean debidamente xustificadas e que non se supere a cantidade máxima establecida.
- 8) Aportar os solos da súa titularidade, unha vez concluído o proceso de desafectación dos mesmos, necesarios para a execución das obras recollidas no presente Convenio, cuxa regularización se producirá no Convenio de transmisión de solos a subscribir entre as partes e que terá o seu reflexo na ordenación urbanística coa inclusión



Concello de Vigo

na revisión do Plan Xeral da Ordenación en elaboración, da ordenación detallada que derive do Proxecto Integrador da Intermodal de Vigo e a addenda correspondente aos seus accesos e conexións viarias.

Non obstante, en tanto que se produce a dita transmisión formal, ADIF-Alta Velocidade cederá o uso dos terreos necesarios para a execución das obras.

A cláusula SEXTA. - “Compromisos do Concello de Vigo” queda redactada do seguinte modo

O Concello de Vigo comprométese a:

- 1) *Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras (e as asistencias técnicas necesarias para a súa execución) do “Proxecto de construción de Conexión Túnel Lepanto-AP 9. Tramo 1.1 Lepanto-Estación de Autobuses”, así como a financialas nun 50%, para o cal destinará a cantidade de **1.980.260,21 € (IVE incluído)**,*
- 2) *Licitar, adxudicar, executar y dirixir a execución relativa ás obras do Proxecto de demolición do paso elevado da Rúa Lepanto, financiándoas ao 100%, para o cal destinará a **cantidade de 105.708,88 € (IVE incluído)**,*
- 3) *Licitar, adxudicar e dirixir os contratos de servizos necesarios como asistencias técnicas para, entre outros, o control e vixilancia e coordinación de seguridade e saúde das obras ao seu cargo, se procede.*
- 4) *Licitar, adxudicar, executar e dirixir a execución relativa ás obras da actuación 5, citada na Cláusula Segunda “Proxecto de Instalacións e balizamentos” e financialas nun **19,3469%** do orzamento das obras, para o cal destinará a cantidade de **536.163,96 € (IVE incluído)**,*
- 5) *Tamén asumirá o **50%** dos modificados, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan durante a execución das obras do “Proxecto de construción de Conexión Túnel Lepanto-AP 9. Tramo 1.1 Lepanto-Estación de Autobuses e dos servizos afectos a elas, sempre que estean debidamente xustificadas e que non se supere a cantidade máxima establecida.*
- 6) *Análogamente asumirá o **19,3469 %** dos modificados, no seu caso, e demás incidencias con contido económico que xurdan en relación coa actuación 5 recollida na táboa do ANEXO 1 da presente Addenda, sempre que estean debidamente xustificadas e que non se supere a cantidade máxima establecida.*

Dada a complexidade da execución do proxecto e co obxecto de cumprir cos prazos e minimizar os riscos, o Concello de Vigo e ADIF- Alta Velocidade acordan a licitación conxunta dos tramos asignados no Convenio do 31 de maio de 2018. Para elo, o Concello de Vigo tramitará os expedientes de contratación necesarios relativos á execución das obras e dos servizos de dirección e asistencia á dirección de obras, de conformidade co establecido nos arts. 116.5 e 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, dos tramos 3.1, 3.3, 3.4 e 1.3.

S.ord. 27/02/2020

O Concello de Vigo, unha vez aprobado o “Proxecto de integración Vialia Estación de Vigo e terminal de autobuses” que conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, comprométese á realización dos ulteriores trámites que sexan necesarios para levar a cabo as expropiacións das parcelas privadas que constan na relación de bens e dereitos afectados e a súa transferencia posterior ao órgano promotor.

Para dar cumprimento ao ata aquí establecido se incluírá na revisión do Plan Xeral, actualmente en elaboración, a ordenación detallada, no ámbito do Proxecto integrador da Estación Intermodal de Vigo, e a Addenda correspondente aos seus accesos e conexións viarias

A cláusula SÉTIMA “Comisión de Seguimento”

A cláusula sétima renumérase e pasa a ser a cláusula DECIMOSEXTA

A cláusula OITAVA “Vixencia e Duración”

A cláusula oitava renumérase e pasa a ser a cláusula DECIMOSÉTIMA

A cláusula NOVENA “Modificación e resolución do convenio”

A cláusula novena do convenio renumérase e pasa a ser a cláusula DECIMOITAVA na que se engade o seguinte parágrafo ao final da mesma:

No caso de extinción por causa diferente á conclusión das actuacións obxecto do Convenio, a Comisión de Seguimento propondrá as condicións para a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Resuelto o Convenio por calquera causa, tódolos dereitos e obrigacións nacidos con anterioridade á extinción do mesmo serán liquidados e cumpridos por tódalas partes, sen prexuízo dos dereitos e obrigacións que resulten da dita extinción para as mesmas, conforme á Lei, ou ao disposto no Convenio.

A cláusula DÉCIMA “Natureza xurídica do Convenio”.

A cláusula décima renumérase e pasa a ser a cláusula DECIMONOVENA

TERCEIRA. - Engádense as seguinte novas cláusulas:



CLÁUSULA SÉTIMA Contratación de Asistencia Técnica que coordine tódalas actuacións.

Contratarase unha Asistencia Técnica que coordine as relacións entre as diferentes direccións facultativas e as distintas empresas construtoras para a correcta execución de tódolos traballos que afecten ao conxunto das obras.

A financiación desta Asistencia Técnica para a coordinación as obras de remodelación do enlace PK 5+000 da autopista AP-9V, cuxo coste estimado é de **DOUSCENTOS CORENTA E TRES MIL DOUSCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (243.284,08 €, IVE incluído).**

A financiación das actuacións comúns realizarase na mesma proporción que se establece, a través da presente Addenda, da nova redacción das cláusulas Cuarta, Quinta e Sexta do Convenio do 31 de maio de 2018, segundo se mostra a continuación:

ORGANISMO	Porcentaxe de financiación	Coste estimado (€)
ADIF-Alta Velocidade	59,9989%	145.967,77
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	20,6542%	50.248,38
Concello de Vigo	19,3469%	47.067,93
TOTAL	100,0000%	243.284,08

A dita Asistencia técnica será contratada por Adif Alta Velocidade.

CLÁUSULA OITAVA. - Proxecto e execución da praza de acceso á estación,

O **Concello de Vigo** tramitará os expedientes de contratación necesarios para a redacción do proxecto, execución das obras e dos servizos de dirección e asistencia á dirección de obras, de conformidade co establecido nos arts. 116.5 e 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público.

O dito proxecto deberá contar co informe favorable das tres Administracións que participan na súa financiación, previamente á súa aprobación. Adxúntase plano no Anexo 2 da presente Addenda grafiando a zona de actuación.

O importe estimado para a execución das obras ascende a **UN MILLÓN SEISCENTOS OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.685.885,92 €, IVE incluído).**

O orzamento virá afectado, no seu caso, polas baixas de adxudicación de obra, as revisións de prezos, modificados, e, en xeral, polas incidencias, con contido económico, que poidan producirse no desenvolvemento dos contratos, sempre que estean debidamente xustificadas.

A financiación das actuacións comúns realizarase na mesma proporción que se establece, a través da presente Addenda, da nova redacción das cláusulas Cuarta, Quinta e Sexta do Convenio do 31 de maio de 2018, segundo se mostra a continuación:

ORGANISMO	Porcentaxe de financiación	Coste estimado (€)
<i>ADIF-Alta Velocidade</i>	<i>59,9989%</i>	<i>1.011.513,01 €</i>
<i>Consellería de Infraestruturas e Mobilidade</i>	<i>20,6542%</i>	<i>348.206,25 €</i>
<i>Concello de Vigo</i>	<i>19,3469%</i>	<i>326.166,66 €</i>
TOTAL	100,0000%	1.685.885,92 €

Os costes derivados da redacción do proxecto e das asistencias técnicas para o seguimento da obra non serán obxecto de financiación por parte da presente Addenda, e serán asumidos íntegramente polo Concello de Vigo.

Unha vez finalizadas as obras na súa totalidade e verificada favorablemente a súa adecuación ao proxecto, asinarase a correspondente Acta de recepción das obras.

O Concello de Vigo, a partir da data da Acta de recepción das obras, farase cargo da limpeza, vixilancia, custodia e mantemento da praza, así como dos seus equipamentos e instalacións e subministros necesarios para o correcto funcionamento das instalacións.

A situación dos solos donde se atopa a praza, e cuxa titularidade é de ADIF- Alta Velocidade e que son postos por esta entidade a disposición das actuacións correspondentes, regularizase de forma definitiva e pasarán a ser titularidade do Concello de Vigo no proceso de execución e xestión da alteración do planeamento vixente, que, como consecuencia da aprobación do Proxecto integrador de conformidade coa Lei 3/2016 de medidas de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, se axuste ás actuacións incluídas no mesmo e incorpore os aproveitamentos do Proxecto Vialía Estación de Vigo, ou mediante a fórmula alternativa que se acorde entre ADIF-Alta Velocidade e o Concello de Vigo.

CLÁUSULA NOVENA. - Núcleo de comunicación intermodal

No marco do establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade comprométese á redacción do proxecto, a execución das obras e dos servizos de dirección e asistencia á dirección de obras do núcleo de comunicación intermodal.

O dito proxecto deberá contar co informe favorable das tres Administracións que participan na súa financiación, previamente á súa aprobación. Adxúntase plano no Anexo 2 da presente Addenda grafiando a zona de actuación.



Concello de Vigo

O importe estimado para a execución da obra ascende a **NOVECIENTOS MIL CATROCIENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (900.441,47 €, IVE incluído).**

O orzamento virá afectado, no seu caso, polas baixas de adxudicación de obra, as revisións de prezos, modificados, e, en xeral, polas incidencias, co contido económico, que poidan producirse no desenvolvemento dos contratos, sempre que estean debidamente xustificadas.

A financiación das actuacións comúns realizarase na mesma proporción que se establece, a través da presente Addenda, da nova redacción das cláusulas Cuarta, Quinta e Sexta do Convenio do 31 de maio de 2018, segundo se mostra a continuación:

ORGANISMO	Porcentaxe de financiación	Coste estimado (€)
ADIF-Alta Velocidade	59,9989%	540.254,98 €
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	20,6542%	185.978,98 €
Concello de Vigo	19,3469%	174.207,51 €
TOTAL	100,0000%	900.441,47 €

Os costes derivados da redacción do proxecto e das asistencias técnicas para o seguimento da obra non serán obxecto de financiación por parte da presente Addenda, e serán asumidos íntegramente pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Unha vez finalizadas as obras na súa totalidade e verificada favorablemente a súa adecuación ao proxecto, asinarase a correspondente Acta de recepción das obras.

O Concello de Vigo, a partir da data do Acta de recepción das obras, farase cargo da limpeza, vixilancia, custodia e mantemento da superficie anexa ao núcleo de comunicacións.

A situación dos solos donde se atopa o núcleo de comunicación intermodal e cuxa titularidade é de ADIF- Alta Velocidade e que son postos por esta entidade a disposición das actuacións correspondentes, regularizase de forma definitiva e pasarán a ser titularidade do Concello de Vigo no proceso de execución e xestión da alteración do planeamento vixente, que, como consecuencia da aprobación do Proxecto integrador de conformidade coa Lei 3/2016 de medidas de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, axústese ás actuacións incluídas no mesmo e incorpore os aproveitamentos do Proxecto Vialía Estación de Vigo, ou mediante a fórmula alternativa que se acorde entre ADIF-Alta Velocidade e o Concello de Vigo.

Os equipamentos e instalacións, os solos ocupados por éstos e os suministros necesarios para o correcto funcionamento das instalacións do núcleo intermodal formarán parte da estación de autobuses e permanecerán operativos segundo disponga a Xunta de Galicia ou a empresa na que delegue a xestión da explotación da estación de autobuses.

CLÁUSULA DÉCIMA. - Urbanización de espazos intersticiais

O **Concello de Vigo** tramitará os expedientes de contratación necesarios para a redacción do proxecto, execución das obras e dos servizos de dirección e asistencia á dirección de obras, de conformidade co establecido nos arts. 116.5 e 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

O dito proxecto deberá contar co informe favorable das tres Administracións que participan na súa financiación, previamente á súa aprobación. Adxúntase plano no Anexo 2 da presente Addenda grafiando a zona de actuación.

O importe estimado para a execución das obras ascende a **UN MILLÓN DOUSCENTOS VEINTISETE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (1.227.651,68 €, IVE incluído)**.

O orzamento virá afectado, no seu caso, polas baixas de adxudicación de obra, as revisións de prezos, modificados, complementarios, e, en xeral, polas incidencias, con contido económico, que poidan producirse no desenvolvemento dos contratos, sempre que estean debidamente xustificadas.

A financiación das actuacións comúns realizarase na mesma proporción que se establece, a través da presente Addenda, da nova redacción das cláusulas Cuarta, Quinta e Sexta do Convenio do 31 de maio de 2018, segundo se mostra a continuación:

ORGANISMO	Porcentaxe de financiación	Coste estimado (€)
ADIF-Alta Velocidade	59,9989%	736.577,50 €
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	20,6542%	253.561,63 €
Concello de Vigo	19,3469%	237.512,54 €
TOTAL	100,0000%	1.227.651,68 €

Os costes derivados da redacción do proxecto e das asistencias técnicas para o seguimento da obra non serán obxecto de financiación por parte da presente Addenda, e serán asumidos íntegramente polo Concello de Vigo.

Unha vez finalizadas as obras na súa totalidade e verificada favorablemente a súa adecuación ao proxecto, asinarase a correspondente Acta de Recepción das obras.

O Concello de Vigo, a partir da data do Acta de recepción das obras, farase cargo da limpeza, vixilancia, custodia e mantemento destes espazos.

A situación dos solos onde se atopan estes espazos, e cuxa titularidade na súa maioría é de ADIF- Alta Velocidade e que son postos por esta entidade a disposición das actuacións correspondentes, regularizarse de forma definitiva e pasarán a ser titularidade do Concello



Concello de Vigo

de Vigo no proceso de execución e xestión da alteración do planeamento vixente, que, como consecuencia da aprobación do Proxecto integrador de conformidade coa Lei 3/2016 de medidas de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, se axuste ás actuacións incluídas no mesmo e incorpore os aproveitamentos do Proxecto Vialía Estación de Vigo, ou mediante a fórmula alternativa que se acorde entre ADIF-Alta Velocidade e o Concello de Vigo.

CLÁUSULA DÉCIMOPRIMEIRA. – Actuacións susceptibles de ser cofinanciadas con fondos FEDER

As actuacións 1,5,7,8 y 9 son susceptibles de obter cofinanciación, sobre a parte que aporta a Xunta de Galicia con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER 80/20) do Programa Operativo Galicia 2014-2020.

Tanto o **promotor** destas actuacións, como o titular **final** das mesmas, como beneficiario desta cofinanciación, na parte que lles corresponda, comprométese a:

- Cumprir cos criterios de elegibilidade, xestión e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER, en concreto o Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca; así como os Regulamentos de Execución (UE) 821/2014, da Comisión, do 28 de xullo, e o 2015/207, da Comisión, do 20 de xaneiro, que o desenvolven no que se refire a modalidades concretas e o Regulamento Delegado (UE) 480/2014 da Comisión, do 3 de marzo, que complementa ao Regulamento 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello.
- Cumprir coas normas de subvencionabilidade da Orde HPF/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020.
- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con tódalas transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder (RDC, art. 125.4.b).
- Cumprir as obrigacións en materia de información e comunicación sobre o apoio procedente do FEDER segundo o apartado 2.2 do Anexo XII do Regulamento N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e dacordo coas especificacións técnicas establecidas no Regulamento de execución (UE) n° 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014. En particular deberá:
 - o Recoñecer o apoio do FEDER á operación mostrando en tódalas medidas de información e comunicación que leve a cabo o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea e unha referencia ao Fondo que da apoio á operación (art. 4 do Regulamento de execución (UE) n° 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014). Nas ditas medidas deberá incorporarse o lema asociado ao Fondo, “Unha maneira de facer Europa”.

- o *Durante a realización da operación deberá informar ao público do apoio obtido do FEDER, facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña dun, da operación, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus obxetivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión.*
- o *Asegurarásede de que as partes que interveñen na operación foron informadas da financiación polo FEDER. Calquera documento relacionado coa execución dunha operación que se destine ao público ou aos participantes conterá unha declaración na que se informe de que o programa operativo recibiu apoio do FEDER.*
- o *Durante a execución de toda operación de financiación de obras de infraestrutura ou construción que se beneficie dunha axuda do FEDER ou do Fondo de Cohesión superior a 500.000 euros, o beneficiario colocará un cartel temporal de tamaño significativo nun lugar ben visible para o público.*
- o *Cando a operación que consista na compra dun obxecto físico, na financiación dunha infraestrutura ou en traballos de construción cuxa contribución pública total supere os 500.000 euros, o beneficiario colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente de tamaño significativo, nun prazo de tres meses a partir da conclusión dunha operación. O cartel ou a placa indicarán o nome e o obxectivo principal da operación.*

As características técnicas das placas fixas e os carteles publicitarios temporais deberán cumprir os requisitos establecidos nos art. 3 a 5 do Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014.

- o *A información detallada poderá consultarse na Estratexia de Comunicación 2014-2020 dos Pos FEDER e FSE Galicia, dispoñible no portal web da Consellería de Facenda, área temática de Planificación e Fondos, período comunitario 2014-2020.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, a Dirección Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda e Función Pública, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas Europeo, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, aportando canta información lle sexa requerida no exercicio das actuacións anteriores e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Consello. A tal fin, deberá dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos que integran o expediente da operación conforme á normativa aplicable, así como a documentación xustificativa da realización e abono dos gastos e inversións subvencionables, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control, durante, a lo menos, un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean*



Concello de Vigo

incluídos os gastos da operación, ou dous anos no caso de operacións cun gasto subvencionable igual ou superior a 1.000.000 €, a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída. (RDC, art. 125.4.d y 140.1). Informarase ao beneficiario da data de presentación das contas no que se incluían os gastos da operación.

- *Mantemento das inversións financiadas en condicións de funcionamento e para os obxetivos acordados durante un período mínimo de 5 anos seguintes ao pagamento final*
 - o *Conforme co establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vigo asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. E se compromete a establecerlle aos contratistas a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.*
 - o *Comunicar ao **órgano xestor** da operación cofinanciada con Fondos Europeos, se fora o caso, a alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concurrente doutras subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, no seu caso, a modificación das condicións establecidas neste convenio.*

CLÁUSULA DÉCIMOSEGUNDA. – Reaxuste de anualidades. Convenio

En virtude da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, con data do 4 de outubro de 2018 aprobouse polo Consello da Xunta o expediente que permite o inicio das obras producindo un desprazamento nos prazos e anualidades contemplados no Convenio.

Proponse a seguinte distribución de anualidades:

Act. nº	Denominación	Anualidade 2020 %	Anualidade 2021 %
1	Ramal de conexión Estación de Autobuses coa AP-9	85%	15%
2	Túnel Salida rúa Lepanto á AP-9	80 %	20%
3	Conexión da AP-9 con Centro-Vialia	80 %	20%
4	Demolição do Viaducto R/ Lepanto	50%	50%
5	Instalacións e balizamentos	20%	80%
6	Asistencia técnica de	75%	25%

	<i>coordinación de obras</i>		
7	<i>Praza da Estación</i>	40%	60%
8	<i>Núcleo de comunicacións intermodal</i>	80%	20%
9	<i>Urbanización de espazos intersticiais</i>	50%	50%

CLÁUSULA DÉCIMOTERCEIRA. - Xustificación e pagamento

1) Proxecto 1

- Actuación nº1: Ramal de conexión Estación de Autobuses coa AP-9

Executa: Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Cofinancia: Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, ADIF Alta Velocidade

Os libramentos que lle corresponda realizar a ADIF-Alta Velocidade realizaranse da seguinte maneira:

- *A aportación correspondente ao exercicio 2020 unha vez contratada a actuación*
- *A anualidade do exercicio 2021 realizarase unha vez se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior.*

Estes libramentos teñen a consideración de entregas a conta. Polo que, finalizada a execución das obras, se procederá a practicar a liquidación definitiva total, reintegrándose, no seu caso, as cantidades excedentes que resulten por todos os conceptos.

2) Proxecto 2. (Este Proxecto inclúe as actuacións n.º 2, n.º3, n.º 4 e n.º5.)

- Actuación nº2 (Túnel Salida rúa Lepanto á AP-9) e nº 3 (Conexión da AP-9 co Centro-Vialía)

Executa: Concello de Vigo

Cofinancia: Concello de Vigo, ADIF Alta Velocidade

O Concello de Vigo e ADIF-Alta Velocidade abonarán o importe das facturas correspondentes, na mesma proporción que se estableceu nas cláusulas Cuarta, Quinta e Sexta do Convenio reiterado, segundo a actuación de que se trate.

Consecuentemente, nos pregos e nos documentos contractuais, farase constar expresamente que as facturas correspondientes a cada certificación mensual serán expedidas por o/os adxudicatario/s a nome do Concello de Vigo e de ADIF-Alta Velocidade en función das porcentaxes de financiación establecidos no referido Convenio, segundo a actuación de que se trate.



Concello de Vigo

- Actuación nº4 (Demolición do Viaducto R/ Lepanto)

Executa e financia: Concello de Vigo

- Actuación n.º 5 (Instalacións e balizamentos)

Executa: Concello de Vigo

Cofinancia: Concello de Vigo, ADIF Alta Velocidade e Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Os libramentos que lle corresponda realizar a ADIF-Alta Velocidade abonarán o importe das facturas correspondentes, na mesma proporción que se estableceu nas cláusulas Cuarta, Quinta e Sexta para esta actuación.

Consecuentemente, nos pregos e nos documentos contractuais, farase constar expresamente que as facturas correspondentes a cada certificación mensual serán expedidas por o/os adxudicatario/s a nome do Concello de Vigo e de ADIF-Alta Velocidade en función das porcentaxes de financiación establecidos no referido Convenio.

Para a parte cofinanciada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aplicarase o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo o establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, realizaránse pagos anticipados de carácter anual de conformidade coas anualidades previstas na Cláusula Decimosegunda.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade abonará a aportación correspondente ao exercicio 2020, unha vez licitadas as obras.

A anualidade do exercicio 2021, librarase unha vez se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior.

A xustificación dos gastos realizarase mediante a presentación das certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello de Vigo, dacordo co disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. O prazo de xustificación de cada anualidade finaliza o 30 de setembro do exercicio seguinte, salvo no caso da anualidade 2021, en cuio caso o prazo de xustificación finaliza o 30 de novembro da mesma anualidade.

Estes libramentos teñen a consideración de entregas a conta. Polo que, finalizada a execución das obras, procederase a practicar a liquidación definitiva total, reintegrándose, no seu caso, as cantidades excedentes que resulten por tódolos conceptos.

3) Proxecto 3.

- Actuación nº6 (Asistencia técnica de coordinación de obras)

Contrata: ADIF Alta velocidade

Cofinancia: ADIF Alta velocidade, Concello de Vigo e Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Os libramentos que lle corresponda realizar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e ao Concello de Vigo realizaráanse da seguinte maneira: A aportación correspondente ao exercicio 2020 unha vez firmado o contrato.

As anualidades dos exercicios 2021, no seu caso, libraránse unha vez se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior).

Estes libramentos teñen a consideración de entregas a conta. Polo que, finalizada a execución das obras, procederáse a practicar a liquidación definitiva total, reintegrándose, no seu caso, as cantidades excedentes que resulten por tódolos conceptos.

4) Proxecto 4.

- Actuación n.º 7: Praza da Estación

Executa: Concello de Vigo

Cofinancia: Concello de Vigo, ADIF Alta Velocidade e Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Os libramentos que lle corresponda realizar a ADIF-Alta Velocidade e á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade realizaráanse da seguinte maneira: A aportación correspondente ao exercicio 2020 unha vez licitadas as obras.

A anualidade de 2021 libraráse unha vez se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior.

Para a parte cofinanciada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aplicaráse o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo o establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, realizaráanse pagos anticipados de carácter anual de conformidade coas anualidades previstas na Cláusula Decimosegunda.

A xustificación dos gastos realizarase mediante a presentación das certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello de Vigo, dacordo co disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. O prazo de xustificación de cada anualidade finaliza o 30 de setembro do exercicio seguinte, salvo no caso



Concello de Vigo

da anualidade 2021, en cuio caso o prazo de xustificación finaliza o 30 de novembro da mesma anualidade.

Estes libramentos teñen a consideración de entregas a conta. Polo que, finalizada a execución das obras, procederase a practicar a liquidación definitiva total, reintegrándose, no seu caso, as cantidades excedentes que resulten por tódolos conceptos.

5) Proxecto 5.

- Actuación nº8: Núcleo de comunicacións intermodal

Executa: Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Cofinancia: Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, ADIF Alta Velocidade e Concello de Vigo

Os libramentos que lle corresponda realizar a ADIF-Alta Velocidade e ao Concello de Vigo realizaráanse da seguinte maneira:

- *A aportación correspondente ao exercicio 2020 unha vez contratada a actuación.*
- *A anualidade de 2021 librarase unha vez se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior*

Estes libramentos teñen a consideración de entregas a conta. Polo que, finalizada a execución das obras, procederase a practicar a liquidación definitiva total, reintegrándose, no seu caso, as cantidades excedentes que resulten por tódolos conceptos.

6) Proxecto 6.

- Actuación nº9. Urbanización de espazos intersticiais

Executa: Concello de Vigo

Cofinancia: Concello de Vigo, ADIF Alta Velocidade e Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Os libramentos que lle corresponda realizar a ADIF-Alta Velocidade e á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade realizaráanse da seguinte maneira: A aportación correspondente ao exercicio 2020 unha vez licitadas as obras.

A anualidade de 2021 librarase unha vez se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior.

*Para a parte cofinanciada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** aplicarase o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regula-*

mento da citada Lei.

Segundo o establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, realizaránse pagos anticipados de carácter anual de conformidade coas anualidades previstas na Cláusula Décima.

A xustificación dos gastos realizaráse mediante a presentación das certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello de Vigo, dacordo co disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. O prazo de xustificación de cada anualidade finaliza o 30 de setembro do exercicio seguinte, salvo no caso da anualidade 2021, en cuio caso o prazo de xustificación finaliza o 30 de novembro da mesma anualidade.

Estes libramentos teñen a consideración de entregas a conta. Polo que, finalizada a execución das obras, procederáse a practicar a liquidación definitiva total, reintegrándose, no seu caso, as cantidades excedentes que resulten por tódolos conceptos.

CLÁUSULA DÉCIMOCUARTA. - Entrega de terreos

Trala delimitación do ámbito competencial da concesionaria da AP-9 e unha vez producido o acto formal de recepción das obras ao seu cargo pola Consellería e Adif Alta Velocidade, éstas o porán en coñecemento da Comisión de Seguimento do Convenio, contemplada na Cláusula Décimo sexta; que previo acordo de conformidade das mesmas, o porá en coñecemento do Concello, entendéndose que esta comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo mesmo na Cláusula Sexta, sen prexuízo da posterior formalización na correspondente Acta de Entrega e das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras. A formalización da dita Acta realizaráse durante os tres meses posteriores á comunicación ao Concello da finalización das obras.

CLÁUSULA DÉCIMOQUINTA. - Difusión e promoción pública do obxecto do convenio.

As administracións asinantes comprométense, en aras da adecuada difusión e promoción ao público do obxecto e/ou desenvolvemento do presente Convenio, así como en garantía da condición de igualdade das partes, á citación ou utilización da imaxe corporativa oficial correspondente a cada unha das tres partes, referenciándose a todas elas en calquera difusión publicitaria-gráfica e/ou sonora da que se trate.

CUARTA. - ENTRADA EN VIGOR DA PRESENTE ADDENDA MODIFICATIVA.

A presente Addenda Modificativa perfeccionarase coa súa suscripción, adquirindo a mesma plena validez e eficacia dende o momento da súa publicación no Boletín Oficial do Estado e inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, todo elo de conformidade co disposto no artigo 48.8 da Lei 40/2015, de réximen xurídico do sector público.



Concello de Vigo

20(143).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez